

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

*INFORME Ó CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE*

CURSO 97-98

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



En cumprimento do establecido no artigo 11 do Estatuto do valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de outubro de 1997 e o 30 de setembro de 1998.

**Artigo 11:** *Da memoria anual*

O valedor dará conta anualmente ó Claustro Universitario da xestión feita nun informe que presentará ante o mesmo na primeira reunión que se convoque ó comeza-lo novo curso académico.



## ÍNDICE

1.-	Presentación.....	7
2.-	Coordinación entre os Valedores Universitarios.....	8
3.-	Funcionamento do Valedor.....	8
4.-	Actuacións.....	10
4.1.-	Intervencións e Mediacións.....	10
4.2.-	Actuacións de Oficio e Informes.....	11
4.3.-	Queixas.....	13
5.-	Conclusións.....	69
6.-	Referencias estatísticas.....	73



## ***1.- PRESENTACIÓN***

Este é o segundo informe que, en cumprimento do Estatuto, presento ante o Claustro como Valedor da Universidade de Santiago de Compostela, e, igual que no primeiro, no mesmo trátase de dala máxima transparencia incluíndo un amplo resumo de tódalas queixas presentadas, xa que a través delas os claustrais poderán facerse unha idea máis precisa dalgúns defectos da nosa Universidade e, naturalmente, dos do Valedor.

Durante estes dous anos tentei de mantelo principio que establece que a actividade do Valedor ten que estar guiada, por unha parte, pola vontade de contribuír á mellora da Universidade e, por outra, pola defensa dos dereitos de tódolos membros da Comunidade Universitaria. A democratización das estruturas universitarias é un feito que non debe facernos perdela perspectiva da existencia de situacións de poder desigual dentro da Universidade. O traballo realizado centrouse polo tanto en garantir os dereitos dos membros da Comunidade Universitaria, aínda que non se descartou a defensa dos dereitos dalgúns cidadáns que, sin seren membros da comunidade universitaria, tiñan relación e intereses lexítimos na Universidade de Santiago de Compostela.

Si o feito de maior transcendencia para a Universidade de Santiago de Compostela durante o curso 97/98 foi a aprobación polo Claustro dos novos Estatutos, sen dúbida para a figura do Valedor foi a súa inclusión no artigo 10 dos mesmos. O carácter estatutario que terá no futuro o Valedor da Comunidade Universitaria, xunto coa próxima aprobación polo Claustro do seu Regulamento non só consolida a figura, senón que a reforza e a fai depender, tanto na súa creación como no seu funcionamento, do máximo órgano representativo da comunidade universitaria.

É importante destacalo feito de que a consolidación da institución estase vendo refrectida no número crecente de universidades que contan coa mesma, sen que a súa creación veña esixida por ningunha lei de rango superior ós Estatutos. Así se no ano 1996 existían 16 valedores, ó II Encontro Estatal de Valedores Universitarios celebrado no mes de maio de 1998 asistiron 18 valedores, e no mesmo acordouse a celebración de Encontros futuros con periodicidade bianual, elixíndose para a celebración do III Encontro a Universidade de Santiago de Compostela.

## ***2.- COORDINACIÓN ENTRE OS VALEDORES UNIVERSITARIOS***

A figura do Valedor da Comunidade Universitaria, con nomes diferentes pero funcións similares, está presente en moitas universidades españolas. A súa recente implantación fai necesario ter un coñecemento compartido das actuacións dos diferentes Valedores e unha información constante e actualizada que permita unha maior eficacia na actuación deste órgano universitario.

Tendo en conta que a utilización da INTERNET pode constituír unha canle de comunicación adecuada para acadar estes obxectivos, no II Encontro Estatal de Valedores acordouse o desenvolvemento dun sistema que permita:

- a) Ofrecer información á comunidade universitaria española sobre a figura do Valedor da Comunidade Universitaria e as súas funcións, facilitando o acceso e a comunicación cos valedores.
- b) Crear unha rede interna que permita o intercambio de ideas e información entre os valedores e o persoal dos respectivos servicios.

Este sistema deberá estar operativo a finais do curso 1998/99.

Outros temas sometidos a debate e sobre os que se elaboraron documentos de traballo tendentes a unificala actuación dos Valedores Universitarios foron:

- O Valedor Universitario e a calidade nas Universidades.
- As formas de traballo cotidianas dos Valedores Universitarios.
- A independencia do Valedor Universitario.

### ***3.-FUNCIONAMENTO DO VALEDOR***

O Valedor defínese como o comisionado da Universidade para a defensa e garantía dos dereitos e intereses lexítimos dos seus membros. Esta función debe orientarse dende unha dobre perspectiva:

- supervisala actuación da Universidade co fin de corrixilas posibles irregularidades, demoras ou silencios e tódolos indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na búsqueda de solucións ós problemas prantexados mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto ós Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as indicadas no primeiro informe:



- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar dictame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servicios obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir dictames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

Durante este segundo ano producíuse un incremento importante no apartado da consulta diaria, que se corresponde co traballo como “facilitador” que consiste en informar e orientar sobre os camiños que se poden seguir na Universidade cando se prantexan cuestións que ou ben escapan estrictamente das competencias do Valedor por non ter esgotados tódolos mecanismos previstos nos Estatutos, ou ben non prantexan ningunha queixa que xustifique unha investigación. Nalgúns casos, cando se observa unha posible irregularidade, o que no seu inicio era unha consulta transfórmase nunha intervención ou investigación do Valedor da Comunidade Universitaria.

Os aspectos que os usuarios do servicio valoran máis positivamente son a rapidez na atención das consultas e a capacidade de orientalos no camiño adecuado para resolvelo problema. É necesario sinalar que este papel de facilitador ten un contido e uns obxectivos totalmente diferentes dos servicios de información da propia Universidade: trátase de orientar e non de informar, o obxectivo e abrir camiños e non interferir cos servicios da Universidade.

Por último, é obrigado insistir na importancia que ten a confidencialidade para o bo funcionamento do Valedor da Comunidade Universitaria.

## **4.- ACTUACIÓNS**

### **4.1.- INTERVENCIÓNS E MEDIACIÓNS:**

Igual que no informe do curso anterior dado o número de actuacións realizadas e a falta en moitos casos de constancia escrita expóñense agrupadas pola súa tipoloxía aquelas que poden resultar máis significativas.

- Estudiantes ós que non se lles imparten as clases nunha materia por estar pendente de resolución un concurso de prazas de profesorado.

- Desacordo na aplicación dos criterios de antigüidade para desfacer empate nas eleccións a membros do Claustro da Universidade.
- Estudiantes que acceden a estudos de 2º ciclo e solicitan intervención no proceso de adaptación e validación das materias cursadas.
- Estudiantes que tanto individual como colectivamente teñen presentadas solicitudes de revisión de exame.
- Profesor que solicita intervención en relación cunha bolsa de estancia no estranxeiro concedida pola Universidade.
- Estudiantes de planos vellos que non aprobaron algunha materia nas convocatorias de exame a que teñen dereito, e se ven obrigados a adaptarse ó novo plano de estudos. Á vista do prexudicados que resultan no proceso de adaptación inténtase conseguir, a través do Vicerrectorado de Ordenación Académica, que cursen a mesma materia noutra Universidade na que aínda se imparta.
- Estudiantes que acceden ó segundo ciclo dunha titulación e solicitan cursar como materias de libre configuración materias do primeiro ciclo da mesma titulación.
- Problemas relacionados coa solicitude da convocatoria extraordinaria de febreiro.
- Estudiantes que solicitan intervención en relación coa consideración como optativas ou de libre configuración de materias xa cursadas para poder cumprir o número de créditos requeridos para solicitalo título de licenciado.

## **4.2.- ACTUACIÓNS DE OFICIO E INFORMES**

### ***Q9807/01***

En relación coa non celebración na data oficialmente establecida do exame dunha materia.

*Dirixíuse escrito o Vicerrectorado de Ordenación Académica indicando o seguinte:*

*“A través de diversas consultas que me foron formuladas no pasado mes de xullo, e que foron verificadas con posterioridade, púxose de manifesto que o exame oficial da materia ... fixado para o día ... non se puido celebrar á hora sinalada por non presentarse o profesor responsable da materia.*

*Dado que o artigo 2 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria establece a actuación de oficio para garantir o cumprimento dos dereitos dos membros da Comunidade Universitaria abriuse a investigación prevista no referido Estatuto para o esclarecemento dos feitos.*

*Solicitáronse os informes do Prof. ..., do Sr. director de Departamento e do Ilmo Sr. decano.*

*Do exposto nos referidos informes, dedúcese que as causas alegadas polo Prof. poderían considerarse xustificativas da súa ausencia á hora establecida para a realización do exame, pero que tivo tempo suficiente para poñer a súa situación en coñecemento do Sr. director de Departamento e do Sr. decano do Centro e facilitar que se tomaran as medidas necesarias para que o exame se realizara na data e hora para o que estaba oficialmente convocado.*

*Xa que os feitos puideran estar incluídos dentro do establecido no artigo 10 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria pónoos no seu coñecemento para que leve a cabo as actuacións que considere oportunas, das que lle solicito me informe.”*

Non se ten recibido ningún escrito posterior.

### ***Q9807/03***

A través dunha serie de consultas formuladas ó Valedor da Comunidade Universitaria algúns estudantes manifestaron que non puideron exercer o dereito á revisión de exame que se lles recoñece nas “Directrices Xerais sobre Avaliación do Rendemento Académico dos estudantes”.

Do exposto nos informes solicitados despréndese que para a revisión dos exames, os profesores encargados da docencia estableceron a obrigatoriedade de solicitala ou apuntarse na Secretaría do Departamento. Este requisito non contemplado no Regulamento sobre Avaliación do Rendemento Académico impediu que algúns estudantes exerceran o seu dereito á revisión dos exames da mencionada materia na convocatoria de xuño do curso 1997/98.

*Envíase un escrito ó Vicerrectorado de Ordenación Académica solicitando que se recorde os profesores encargados da materia obxecto da queixa a obrigatoriedade de cumprilo establecido no artigo 12 do referido Regulamento:*

*“O alumno ten dereito á revisión dos exames tanto parciais como finais na súa presenza nas datas e horarios que para tal efecto deberá fixar o profesor no momento de facer públicos tales resultados. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos quince días seguintes á publicación dos resultados e tal prazo non deberá finalizar antes das 72 horas. Procurarase*

*que estas revisións sexan un instrumento útil para que o alumno poida percibir o seu nivel de coñecementos e carencias, tanto se resulta aprobado como suspenso.”*

*sen establecer ningunha condición adicional que dificulte ou impida ós estudantes o exercicio dos dereitos que lle son recoñecidos.*

*Asimesmo solicitouse informe das accións que leve a cabo*

#### **4.3.- QUEIXAS**

##### CURSO 96/97

##### ***Q9609/05***

Presentada en relación coa aplicación da exención ou redución que establece o Decreto 3140/71 de 23 de decembro de protección de familias numerosas ás tarifas que cobra un centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela.

*Recibíronse informes da Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, da Dirección General de Enseñanza Superior do Ministerio de Educación e Cultura e da Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, dos que se deduce que a Universidade de Santiago de Compostela aplica de xeito correcto o Decreto 3140/71 de 23 de decembro de protección de familias numerosas, ó 25 % do prezo da matrícula que é a única cantidade que lle corresponde ingresar. Ó ser un centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, e non un centro propio, a Universidade non ten ningunha competencia sobre o resto do prezo de matrícula e das demais tarifas que teña establecidas dito centro.*

##### ***Q9611/04***

Presentada por varios membros do Persoal de Administración e Servizos (PAS) dos Servizos Centrais da Universidade en relación cunha situación que consideran discriminatoria con respecto ós demais membros do PAS. Na mesma indican que disfrutaban dun día festivo menos que o PAS dos Centros, e incluso que algúns colectivos do propio persoal dos Servizos Centrais nos que se declara festivo o día do seu Patrón.

No informe solicitado á Xerencia da Universidade xustifícase a desestimación da referida solicitude aducindo que o feito de que os Centros permanezan abertos mentres que os Servicios Centrais, que asisten ós órganos directivos e servicios básicos como o Rexistro Xeral, estean pechados non é compatible co funcionamento lóxico da Universidade. Sinálase tamén que a Xerencia está estudiando outras fórmulas alternativas, para o que ten recabado información doutras Universidades que teñen o mesmo problema.

*Á vista da información recollida non se advirte ningunha causa que xustifique que o PAS dos Centros e dalgúns servicios dentro dos Servicios Centrais, gocen no seu calendario laboral dun día festivo máis que o PAS de Servicios Centrais.*

*Por elo suxiro que a Xerencia da Universidade remate o antes posible o estudio a que fai referencia no seu informe, de xeito que a Xunta de Goberno da Universidade poida aprobar un calendario no que tódolos membros do Persoal de Administración e Servicios teñan un trato igualitario no que se refire á concesión de días festivos.*

#### ***Q9612/10***

Presentada en relación co cumprimento nun Centro da Universidade da normativa referente á prohibición de fumar.

*Solicitada a información oportuna o centro manifesta que nas reunións da Xunta e Comisións do Centro se respecta a prohibición de fumar.*

#### ***Q9704/08***

Presentada por unha asociación de estudantes por considerar que recibiron un trato discriminatorio na resolución das convocatorias de axudas a actividades culturais e a actividades estudiantís dos Vicerrektorados de Extensión Cultural e de Estudiantes.

No informe que se solicitou o Vicerrektorado de Estudiantes indica o seguinte:

- 1.- As bases das convocatorias foron aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión do 17 de novembro de 1994, sendo modificadas polo citado órgano o 21 de decembro de 1995. O programa de axudas culturais contempla o financiamento de actividades teatrais, musicais, cinematográficas e audiovisuais, así como a realización de conferencias, xornadas e exposicións, entre outras. Pola súa parte, a convocatoria de axudas a programas estudiantís ten por obxecto a subvención de actividades de promoción do asociacionismo estudiantil, de información, asesoramento e estudio sobre problemáticas do estudiantado, así como o financiamento de revistas de estudantes, entre outras.
- 2.- O órgano que avalía as solicitudes e resolve sobre as subvencións a conceder é a Comisión de Actividades Culturais e Deportivas da Xunta de Goberno, integrada polos Vicerrectores de Extensión Cultural e Servicios e de Estudiantes, por tres profesores, un axudante, tres representantes de Asociacións estudiantís e un membro do persoal de administración e servicos (PAS).
- 3.- O importe total destinado ó financiamento dos proxectos subvencionados acadou no ano 1996 a cifra de 10.015.000 ptas., representando a cifra destinada a este fin no primeiro cuadrimestre de 1997 o importe de 4.755.000 ptas. Para a distribución das partidas financiadas por cada Vicerrectorado aténdese á índole do proxecto subvencionado, non á identidade do solicitante. A tal efecto, xúntanse as resolucións correspondentes ás convocatorias mencionadas.
- 4.- Tendo esencialmente en conta o interés e a calidade do proxecto presentado, a súa viabilidade, o grao de participación estudiantil, a existencia doutras fontes de financiamento, así como as disponibilidades presupostarias e seguindo unha política de diversificación das actividades a subvencionar, a Comisión decide en cada caso a procedencia da axuda e a súa contía.

A Comisión non outorga as subvencións en función do solicitante das mesmas, senón que avalía todos e cada un dos proxectos presentados, o que significa que a representatividade non é un criterio que teña en conta cando estudia un programa solicitado por unha Asociación con representación claustral. Por outra parte, a Comisión non ten en conta o número de peticións presentadas por cada solicitante, pois iso conduciría ó resultado de financiar os proxectos en función da súa cantidade e non da súa calidade.

Á vista da información de que se dispón, cómpre dicir que os criterios empregados para a selección dos proxectos presentados, baseados no interés e na calidade dos mesmos, non cabe dúbida que resultan adecuados. Pero o que dá pé á presentación da queixa é o feito de que na resolución das convocatorias non se aclara o xeito en que se aplicaron os criterios, e o análise da mesma non permite

deducilo, polo que as interpretacións que se poden facer son moi diversas. Neste sentido é necesario recordar que tanto nas bases da convocatoria de axudas a actividades culturais como de axudas a actividades estudiantís dise expresamente que o correspondente vicerrector/a "... fará pública a resolución motivada da convocatoria, da que informará tamén á Xunta de Goberno.", sen embargo, na resolución feita pública non se inclúe motivación algunha.

É obrigado admitir a complicación da resolución deste tipo de convocatorias, pero en lóxica correspondencia tamén hai que admitir que a comprensión polos interesados da aplicación dos criterios empregados tamén é complicada, e por elo haberá que procurar facela pública do xeito que resulte o máis clarexadora posible. Entre os aspectos concretos que dificultan a análise da resolución considero conveniente mencionar os seguintes:

- 1.- Trátase de dúas convocatorias totalmente diferenciadas con obxectivos específicos, según se establece nas bases das correspondentes convocatorias, e subvencionadas con cargo ós presupostos de dous Vicerrectorados distintos, polo que nas solicitudes terá que constar a qué convocatoria se presenta, e cada unha das convocatorias debería ter unha resolución motivada independente, na que figuraran os proxectos subvencionados e os non subvencionados. A posibilidade de cambialas solicitudes de convocatoria está contemplada nas bases, pero só "... cando a natureza da actividade proposta así o aconselle", e loxicamente terase que facer previamente á resolución e comunicándollo ó solicitante.
- 2.- Dentro dos obxectivos xerais marcados, en cada unha das dúas convocatorias inclúense unha serie de actividades ás que se lles asigna unha financiación económica determinada. Parece adecuado considerar que esta asignación é meramente orientativa, xa que, como se di no informe, unha flexibilidade nas cantidades asignadas a cada tipo de actividade pode contribuír a unha mellora da calidade dos proxectos que se subvencionan. Pero é precisamente esta flexibilidade a que obriga a que na resolución da convocatoria se expliciten cales son as solicitudes que se presentan a cada unha das actividades e cales son denegadas por considerar que non teñen a suficiente calidade, así como os motivos polos que se asigna a outra actividade o crédito non concedido.

*Como final, considero necesario recordar a obriga de presentar unha resolución motivada das convocatorias ante a Xunta de Goberno, e suxiro que, cara a aclarala resolución das convocatorias ós interesados, se fagan públicas por separado a Resolución da Convocatoria de Axudas a Actividades Culturais e a Resolución da Convocatoria de Axudas a Programas de Actividades Estudiantís, e se detallen as solicitudes presentadas e concedidas para cada unha das distintas actividades.*

### ***Q9705/13***

Relacionada coa validación e cómputo de convocatorias dunha materia no caso de estudantes trasladados. Na mesma indícase que a materia cursada na Universidade de orixe non é validada pola correspondente materia do plano de estudos da facultade da Universidade de Santiago, mentres que si lle son tidas en conta as convocatorias que levan consumidas a efectos do cómputo global das convocatorias.

Solicitada información o Servicio de Alumnado comunicou que:

“Para a resolución do caso concreto propoñeráse ó Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións que dicte unha Instrucción no senso de que non se imputen convocatorias da materia, cando os alumnos que procedan da Universidade de ... non a teñan superada.”

Esta información foi posta en coñecemento do presentador da queixa, quen con data 27 de xuño me comunica que se seguen a imputalas convocatorias da materia ... impartida na Universidade de ...

*Por elo solicitouse informe ó Servicio de Alumnado de se foi dictada a Instrucción ou ben, de selo caso, as razóns polas que non foi dictada.*

Non se ten recibido resposta.

### ***Q9706/04***

Queixa incluída no Informe do curso 1996/97 e da que se tiña solicitada información das actuacións que se levaran a cabo.

Recibiuse escrito do Vicerrectorado de Ordenación Académica comunicando o seguinte:

“Verbo do expediente nº.: Q9706/04 sobre a modificación de cualificación de materias cursadas por alumnas desta Universidade ó amparo dun Programa Erasmus, prácame comunicarlle que do expediente dedúcese que puidera existir un defecto de forma no cambio de cualificacións, polo que a Universidade tería dúas opcións: manter a situación actual ou ben anular a resolución do decano e iniciar un proceso de Revisión de Oficio.



Dado que neste proceso de revisión de oficio o resultado previsible sería asignarles as cualificacións que na actualidade xa lle constan, considérase que sería un trámite burocrático carente de resultado práctico que beneficie ás alumnas.”

*Dase traslado do escrito á presentadora da queixa.*

### ***Q9706/05***

Presentada por unha profesora en relación cos criterios de admisión da gardería “Escola Infantil Breogán”.

A análise da documentación correspondente ó proceso de elaboración dos criterios de admisión aplicados no curso 1997/98 permite comprobar que foron consultados tódolos órganos colexiados e comisións que deben emitir informe, manifestando practicamente todos o seu acordo con que teñan preferencia os solicitantes con algún irmán na Escola Infantil e que a continuación as solicitudes se ordenen en función dos ingresos económicos.

Sen embargo, e dado que os criterios de admisión foron aprobados no ano 1992 *suxeríuse ó Sr. vicerrector de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade Universitaria a conveniencia de consultar ós órganos colexiados e comisións que se citan no Regulamento da Escola Infantil Breogán se seguen a considerar adecuados os criterios de admisión.*

### ***Q9707/03***

Presentada por un estudante en relación cunha instrucción dictada pola Universidade de Santiago de Compostela pola que non se permite ós titulados por un plano de estudos extinguido que se matriculen no plano de estudos vixente para a mesma titulación, co obxecto de cursar unha especialidade diferente.

*Recibida a información sobre a forma de actuar doutras Universidades en casos análogos, o Vicerrectorado de Ordenación Académica enviou o seguinte escrito:*

*“En relación coa posibilidade de que titulados por un plan de estudos extinguido poidesen matricularse de forma ordinaria no plano de estudos vixente para tal titulación, comunícolle que, á vista do escrito do 10 de marzo do Vicesecretario de Coordinación Académica do Consello de Universidades e*

*da consulta feita ás distintas universidades do Estado, non se considera procedente facer un cambio na normativa vixente.*

*Debe resaltarse que xa se fixo un cambio das Normas de Xestión Académica polo que neste momento xa se reflexa no expediente a cualificación das materias que se realicen por matrícula extraordinaria o que resolve a esencia do problema (poder acadar formación e certificación sobre o nivel acadado).”*

#### ***Q9707/04***

Queixa incluída no Informe do curso 1996/97. Presentada por unha estudante en relación coa cualificación concedida nunha materia cursada nun centro adscrito. Tíñase solicitado información das actuacións que se levaran a cabo.

O Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións achegoume copia dun escrito do Delegado da Universidade no centro no que di o seguinte:

“ En resposta ó escrito sobre a queixa presentada en relación coa cualificación na materia ... compráceme comunicarlle o seguinte:

Á semana seguinte de recibir a súa comunicación mantiven unha xuntanza co director do centro. Nesta xuntanza facilitei a información proporcionada por ese Vicerrectorado e tomouse, entre outros acordos, a creación dunha comisión que presidida polo director do centro, e de acordo coas orientacións feitas por ese Vicerrectorado, “evite en futuras convocatorias a situación como a que é obxecto da queixa, que permita a revisión de cualificacións, que terá como criterios básicos os establecidos no Acordo da Xunta de Goberno do 27 e 28 de Febreiro de 1997, de Directrices Xerais de Avaliación e Rendemento Académico dos Estudiantes”.

Asimesmo, O director da Escola manifestou o compromiso de informar de todo isto, e ós efectos pertinentes, ó profesor responsable da materia obxecto da queixa presentada.”

#### ***Q9707/06***

Queixa presentada sobre a adaptación dos estudos cursados nos anos 1970/75.

*A Universidade acepta a solicitude de adaptación de estudos.*

### ***Q9709/01***

Presentada por estudantes dunha titulación de primeiro ciclo en relación co reparto de prazas e os criterios de acceso ó segundo ciclo doutra titulación.

*Mantivéronse reunións co Vicerrector de Ordenación Académica o Decano do centro e os estudantes para clarexar e resolvelos problemas que motivan a presente queixa.*

### ***Q9709/02***

En relación coa contratación mediante a modalidade de “Interinidade por vacante” dun posto do cadro de Persoal de Administración e Servicios.

Da análise dos escritos recibidos non se conclúe a vulneración de normas superiores á propia convocatoria, polo que non se pode incidir nos méritos establecidos pola Comisión, nin na baremación dos mesmos.

Sen embargo si cabe sinalar que a convocatoria do concurso que motiva a presente queixa é moi pouco precisa polo que permite unha ampla discrecionalidade á Comisión xulgadora. Esta discrecionalidade manifestase nos seguintes feitos:

- 1.- Os baremos empregados para puntualos currícula dos concursantes non foron feitos públicos previamente á avaliación dos mesmos.
- 2.- Os concursantes excluídos non recibiron información dos baremos empregados, nin da puntuación que obtiveron e que motivou a exclusión.
- 3.- A titulación oficial específica (non a da convocatoria) foi un factor excluínte, quen non a posuía foi directamente eliminado e así consta na acta (“Resultan eliminados... por non posuíla titulación específica... sendo irrelevante a puntuación obtida nos outros méritos”).

*Por elo suxiro que, en posteriores concursos, as convocatorias sexan máis precisas e se fagan públicos tanto os baremos empregados como as puntuacións obtidas polos concursantes.*

## **Q9709/04**

Queixa presentada por un membro do PAS en relación coa denegación da subvención de prezos públicos de matrícula.

*Á vista da información de que se dispón cabe facelas seguintes consideracións:*

- 1.- Da lectura do artigo 51 do vixente convenio colectivo (que reproduce o artigo 54 do convenio anterior) non se deduce ningunha limitación, nin de tipo de matrícula nin económica, á gratuidade da matrícula. Por elo non parece procedente que unha Resolución Rectoral limite os dereitos recoñecidos no Convenio Colectivo. Pode considerarse razoable que a aplicación do artigo 51 teña que ser restrinxida e que determinadas matrículas non deben ser consideradas, pero tamén parece razoable que esas limitacións se establezan a través de acordos cos órganos de representación do P.A.S. laboral que son os negociadores do convenio e os seguidores da súa aplicación.*
- 2.- Por outra parte ás dúbidas que poida suscitala interpretación do art. 51 do convenio colectivo é necesario engadila actuación da Universidade no procedemento que motiva a presente queixa. O interesado solicita matrícula extraordinaria facendo constar que é licenciado, e simultaneamente á formalización da matrícula solicita acollerse á gratuidade ó amparo do convenio colectivo. Concédesele a subvención e a finais do mes de maio, unha vez rematado practicamente o curso, despois de que o interesado asistira ás clases realizara e superara os exames, se lle anula a matrícula por impago da mesma, non tendo polo tanto nestes momentos ningunha acreditación dos estudos realizados. A maior abundamento, se se comparan as materias que cursou e o traballo que realiza poderíanse incluír dentro dos artigos 62 e 63 do convenio colectivo, no capítulo de Formación e Perfeccionamento, mellor que no artigo 51 que pertence ó capítulo da Asistencia Social.*

CURSO 97/98

## **Q9710/01**

Queixa presentada por unha profesora que considera que non foi respectado o seu dereito á elección de docencia no proceso de elaboración da proposta de P.O.D. polo Consello de Departamento.

*Ó manifestar que ten dirixido escrito análogo ó Vicerrectorado de Ordenación Académica, suspéndese a tramitación da queixa e solicítase información da resolución que adopte o Vicerrectorado de Ordenación Académica.*

*Con posterioridade foi modificado o P.O.D. do Departamento polo que se procedeu ó arquivo da queixa.*

### ***Q9710/02***

En relación cos envases da auga mineral utilizados nun comedor.

*Non procede a admisión da queixa, xa que o manifestado nela excede o contemplado no artigo 1 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria, que limita a actuación ós dereitos “recoñecidos nos Estatutos e naquelas disposicións que os desenvolvan”.*

### ***Q9710/03***

Presentada queixa por un representante de estudantes en relación cos requisitos que se esixen na convocatoria de matrícula fin de carreira ós alumnos que cursan titulacións con planos de estudos renovados.

Na mesma pon de manifesto que ó manterse na convocatoria de matrícula para exames fin de carreira o requisito de ter pendentes para a obtención do título un máximo de tres materias, e non ter feito unha adaptación deste requisito á estrutura de créditos dase un trato diferente a uns estudantes con respecto a outros como consecuencia do distinto número de créditos que teñen as diferentes materias.

O informe recibido do Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións indica o seguinte:

“En relación cos requisitos que se esixen na convocatoria de matrícula fin de carreira, comunícolle que é consecuencia dun acordo de Xunta de Goberno.

Aínda que pode parecer máis razoable un criterio que sexa en función do número de créditos a Xunta de Goberno optou por establecer o requisito en base o número de exames que ten que facer o alumno.

En apoio desta tesis aparece o feito de que nos planos vellos se consideraban tres materias independentemente do número de materias da titulación e da consideración de cuatrimestrais ou número de horas por semana que tiveran.

En todo caso, a comisión que elaborou a proposta de Normativa de Xestión Académica fará unha análise dos posibles cambios en relación con este tema.”

*Solicítouse ó Sr. vicerrector informe do acordo que ó respecto tome a comisión que elabora a Normativa de Xestión Académica, sen que se teña recibido resposta.*

***Q9710/04***

Presentada por unha estudante en relación coa validación das materias que está cursando acolléndose a un programa de intercambio.

*Ó ter dirixido un escrito análogo o Vicerrectorado de Relacións Exteriores suspéndese a tramitación da queixa e solicítase informe das actuacións e resolucións que se acorden en relación coa mesma.*

O informe recibido do Sr vicerrector de Relacións Exteriores indica que se resolveu recoñecer as materias cursadas para ser imputadas como de libre configuración.

***Q9710/05***

Presentada por unha profesora en relación coas obrigas docentes que ten asignadas para o curso académico 1997/98.

*Celebrouse unha xuntanza có Sr. vicerrector de Ordenación Académica e co director de Departamento na que se chega a unha solución satisfactoria.*

***Q9710/06***

Queixa presentada por un membro do P.A.S. en relación con problemas derivados da súa adhesión ó Plano de Pensións da Universidade.

*Da información recibida da Xerencia da Universidade dase traslado á presentadora da queixa, sen que a mesma volvera a poñerse en contacto co Valedor da Comunidade Universitaria.*

***Q9710/07***

Relacionada coa expedición do título dos estudos de licenciatura. Na mesma expón que con data... abonou as taxas de expedición do título, e que con posterioridade solicitou a inclusión de dúas novas especialidades cursadas abonando as taxas correspondentes. Despois de tres anos se recibe o título figurando as especialidades cursadas no reverso do mesmo.

A información recibida do Servicio de Alumnado indica o seguinte:

“As instrucións do Ministerio de Educación para a gravación de títulos con dúas ou máis especialidades recibíronse con data 13 de outubro de 1994 non podendo gravar anteriormente ningún título destas características.

Recibidas as instrucións debemos gravar primeiro a primeira especialidade e unha vez recibido do Ministerio o nº. de Rexistro Nacional gravar a segunda especialidade e remitir o expediente de novo ó Ministerio. Isto foi o que fixo demorar a expedición do título.”

*Desta información dáselle traslado á presentadora da queixa e se lle comunica que é o Ministerio de Educación o que establece as normas para a gravación dos títulos, polo que está fóra das competencias do Valedor da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela. Sen embargo, á vista do que considero unha xusta solicitude instarei ó Secretario Xeral da Universidade que a faga chegar ós responsables do Ministerio de Educación.*

### ***Q9710/08***

Queixa presentada por un estudante en relación coa validación de estudos realizados no estranxeiro. No escrito de queixa indica que durante o ano académico 1995/96 cursou estudos na Universidade de .... e que en novembro de 1996 solicitou a validación dos mesmos sen que teña recibido resposta.

Os informes recibidos do Vicerrectorado de Ordenación Académica e da correspondente Unidade de Xestión Académica indican que o proceso seguido para a tramitación da solicitude de validación de estudos que motiva a queixa foi o seguinte:

- 1.- A solicitude de validación foi presentada o día 3 de decembro de 1996, acompañada de toda a documentación necesaria.
- 2.- A Comisión Académica do centro, reunida o 27 de xaneiro de 1997, recoñeceu como de libre configuración as materias cursadas polo estudante á vista das certificacións presentadas e do informe do profesor encargado da coordinación do programa de intercambio.

3.- Tras solicitar verbalmente do Vicerrectorado de Ordenación Académica e da Secretaría Xeral da Universidade a fixación dun procedemento que permitira resolver a solicitude de validación, o 30 de xuño de 1997 o Xefe da UXA remite a mesma ó Vicerrectorado de Ordenación Académica "... para que por ese Vicerrectorado se dean as instrucións oportunas para a súa resolución, por canto no capítulo IV das Normas de Xestión Académica establécese a esixencia dun convenio para a imputación dos estudos realizados en universidades estranxeiras como créditos do "currículum", non sendo esta regulación aplicable ós convenios interuniversitarios de colaboración da Unión Europea, que se rexen polo procedemento establecido na Resolución Rectoral do 17 de xullo de 1991."

4.- Con data 7 de agosto de 1997, o Xefe do Servicio de Alumnado remite ó Centro o expediente xunto cunha copia da Resolución Rectoral do 31 de xullo de 1997 para que se cumpriran os trámites establecidos na mesma.

5.- O 31 de outubro de 1997 a Xunta de Centro ratifica o recoñecemento das validacións acordado pola Comisión Académica do Centro o 27 de xaneiro de 1997.

*O informe final que se enviou ó Vicerrectorado de Ordenación Académica di que:*

*O simple relatorio do procedemento seguido, e o feito de que unha Resolución Rectoral de data 10 de novembro de 1997 resolva unha solicitude de validación de estudos presentada o 3 de decembro de 1996, sen que o retraso poida ser achacable ó solicitante, pon de manifesto a urxente necesidade de organizala xestión dos programas de mobilidade de estudantes. Por elo reitérolle a recomendación feita con data 10/09/97: "... considero necesario que pola USC se tomen medidas que reforen a garantía dos dereitos dos estudantes e o respecto ás funcións dos profesores. Para elo é necesario uniformizalo funcionamento de tódolos programas de mobilidade, garantindo a adecuada publicidade das convocatorias e o cumprimento por tódolos órganos, tanto académicos como de xestión, das normas que regulan o procedemento de validación de estudos."*

*Ademais, a presente queixa incide en dous aspectos concretos que é necesario subliñar. Por unha parte a necesidade de que os estudantes coñezan previamente a realizala estaba as materias que lles serán validadas unha vez que a rematen. Por outra, que os órganos colexiados dos centros son competentes para estudiala equivalencia académica entre materias e informala procedencia, ou non procedencia, da validación de estudos que se solicita, pero son alleos ás normas de procedemento que establezan os órganos competentes da Universidade, que serán os que teñen que responsabilizarse do seu cumprimento sen que por elo sufran retrasos as resolucións das solicitudes.*



### ***Q9711/01***

Presentada por un estudante en relación coa denegación da solicitude de anulación de matrícula.

O informe recibido do Servicio de Alumnado indica que:

“A solicitude de anulación foi presentada no mes de setembro cando tódolos servizos académicos foran prestados e o alumno puido concorrer á convocatoria de exames do primeiro cuadrimestre, do segundo cuadrimestre e no seu caso á extraordinaria de setembro.”

*Tendo en conta o que se di neste informe solicitouse con posterioridade copia do expediente académico á UXA comprobándose que o estudante tense presentado a exame nalgúns materias no curso 1996/97, polo que se considera procedente a non concesión de anulación da matrícula solicitada.*

### ***Q9711/02***

Queixa presentada por unha estudante en relación cuns incidentes que se produciron durante unha clase. No escrito de queixa maniféstase que como consecuencia de empregala lingua galega para solicitala aclaración dun concepto, o profesor estendeuse en declaracións e consideracións impertinentes e vexatorias cara ós estudantes que se expresan en galego. Acompañan á queixa as sinaturas de 72 estudantes presentes na aula que corroboran os feitos denunciados.

Dado que os feitos foran postos en coñecemento do Sr. decano da Facultade solicitóuselle información das actuacións que levara a cabo e suspendeuse a investigación prevista no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria. O Sr. decano da Facultade enviou un informe que di que se puxo en contacto co profesor o que “... prometeume desculparse pola actuación previa publicamente e en presenza da alumna que presentou o escrito”.

Recibido o informe *enviouse escrito ó Sr. rector manifestando que:*

*“Á vista dos feitos considero que a actuación do profesor durante o exercicio do seu labor docente, facendo manifestacións descalificatorias dos estudantes polo feito de expresarse en lingua galega reviste gravidade suficiente para non poder pecharse cunha petición de desculpas, e deberíase determinar se é merecedora dalgún tipo de sanción. Por elo, en cumprimento do establecido no artigo 10 do Estatuto do Valedor do Estudante e da Comunidade Universitaria elevo a V.M.E. o presente informe.”*

Tense coñecemento da apertura dunha Información Reservada.

### ***Q9711/03***

Presentada queixa en relación coa vinculación ós ciclos das materias optativas da titulación de ... o que lle impide facelo depósito do título.

*A información recibida do Servicio de Alumnado indica que se dictou Resolución pola que se recoñece que reúne as condicións para a expedición do título, o que se pon en coñecemento da presentadora da queixa.*

### ***Q9711/04***

Presentada por estudante de Terceiro Ciclo en relación coa cota que lle foi asignada no S.R.I.. Na mesma indica que lle foi concedida praza na residencia universitaria, asignándoselle a cota C que considera que non é a que lle corresponde polos seus ingresos.

*Do informe recibido do Vicerrectorado de Estudiantes dedúcese unha correcta aplicación dos criterios da convocatoria de prazas do S.R.I. para o curso 1997/98, xa que o mesmo non inclúe ningún tratamento específico dos estudantes de terceiro ciclo no que se refire ó apartado económico.*

### ***Q9711/05***

Presentada por un estudante en relación coa denegación dunha bolsa de estudos.

*No informe que se lle solicitou á Sección de Bolsas da Universidade indica que se estimaron as alegacións presentadas polo estudante.*

### ***Q9711/06***

Presentada por estudantes dun Curso de Posgrao, na que indican que non se lles recoñece o dereito ós servizos universitarios.

*En relación con esta queixa o Sr. rector da Universidade de Santiago de Compostela resolveu o seguinte:*

*PRIMEIRO. Ós alumnos matriculados en estudos de posgrao, de especialidade ou mestrado, expediráselles un carné que terá efectos de acreditar que son alumnos dun curso determinado, e recoñeceralles o acceso ós servicios que máis adiante se sinalan.*

*SEGUNDO. O carné será expedido polo Secretario Xeral da Universidade, figurando preimpresa a súa sinatura, e debendo ser asinado, tamén, e de forma autógrafa, polo director do curso. O carné terá efectos exclusivamente no período no que se imparta o curso, constando nel a data da súa caducidade.*

*TERCEIRO. O carné que se expida ós alumnos recoñecerá o acceso ás bibliotecas da Universidade, así como o acceso, nas condicións en que regulamentariamente estea previsto, ó resto de servicios universitarios, a excepción do acceso ó Sistema Universitario de Residencias e á Escola Infantil Breogán.*

#### ***Q9711/07***

Presentada por unha estudante en relación co retraso que sofre a resolución dunha solicitude de validación de estudos que lle impide rematalos estudos.

*O Servicio de Alumnado informa da resolución da solicitude de validación de estudos, do que se lle da traslado á presentadora da queixa.*

#### ***Q9711/08***

Análoga á queixa *Q9711/03*

#### ***Q9711/09***

Presentada por unha estudante en relación co retraso na resolución dunha solicitude de validación.

*Dase traslado á presentadora da queixa dos informes recibidos e se lle comunica que aínda que non se incumpriu ningún dos prazos establecidos, a Universidade de Santiago é consciente da necesidade de axilizar as resolucións de validacións dada a nova organización cuatrimestral do curso*

*académico, polo que o Vicerrectorado de Ordenación Académica comunicou, con data 31/07/97 a iniciación dunha revisión do procedemento de resolución das solicitudes de validación de estudos.*

### ***Q9711/10***

Presentada por unha estudante en relación co informe emitido pola comisión encargada de resolvela reclamación presentada contra a cualificación dun exame.

*No informe enviado ó centro indícase que se ben o dictame da comisión é correcto e completo no que se refire á avaliación do exame, inclúe valoracións subxectivas da actitude da presentadora da queixa que non deben figurar no mesmo.*

### ***Q9711/11***

Presentada por solicitantes dunha convocatoria de axudas ó estudio para o curso 1997/98 por considerar que na concesión das mesmas non se cumpriron os criterios de selección establecidos nas bases da convocatoria.

*Analizados os informes solicitados non se observa incumprimento das bases da convocatoria, sen embargo e cara a garantir unha mellor transparencia fixéronse as seguintes suxestións para vindeiras convocatorias:*

*1.- Algúns dos acordos tomados pola Comisión de Selección son realmente criterios de selección, polo que se poderían facer públicos coa convocatoria, ou,, no seu defecto, previamente á análise da documentación presentada polos solicitantes, en concreto, o reparto das bolsas entre estudantes de 1º e 2º ciclo e estudantes de 3º ciclo, e os criterios a aplicar na baremación da renda e do expediente académico.*

*2.- Facer pública a relación de solicitantes coa puntuación acadada por cada un deles en base ós criterios de puntuación establecidos na convocatoria.*

### ***Q9711/12***

Presentada por 33 membros do PAS en relación coa asistencia ós cursos do Programa de Accións Formativas para o PAS do ano 1997. Na mesma indican:

- 1.- Que de tódolos cursos ofertados no Programa de Accións Formativas para o PAS para o ano 1997 desta Universidade, son poucos os que van dirixidos ó persoal que realiza o seu traballo en horario de tarde nos diversos Centros desta Universidade.
- 2.- Que, debido á imposibilidade de poder asistir a estes cursos están a ser desfavorecidos con respecto ós traballadores da quenda de mañá, tanto a nivel formativo como de futuras promocións de tipo laboral.
- 3.- Que estaban interesados en asistir ó curso ... polo que presentaron as solicitudes de inclusión, solicitudes das que non recibiron ningún tipo de resposta.

No informe recibido da Xerencia da Universidade ponse de manifesto que na área de bibliotecas os cursos do programa de Formación para o PAS 1997 organizáronse por igual en horario de tarde e de mañá.

Sen embargo considero conveniente *recomendar que a Universidade procure que o programa de Formación para o PAS non discrimine a ningún dos seus membros, e que todos eles poidan realizar, en igualdade de condicións, aqueles cursos que consideren necesarios para a súa formación e, en consecuencia, para a súa promoción.*

*Por outra parte, cara a garantirlo proceso de selección dos solicitantes recomendo que se fagan públicas tanto a relación de solicitantes como a de admitidos xuntamente cos criterios empregados no proceso de selección.*

### ***Q9711/13***

En relación co cobro a tódolos estudantes do prezo por Expedición da Tarxeta de Identidade incluído nos prezos públicos por matrícula para o curso 1997/98.

*Como consecuencia da presentación de queixas análogas durante o curso 1996/97, con data 11 de marzo de 1997 enviouse un escrito o Sr vicerrector de Asuntos Económicos no que se indicaba: “Por isto considero que non é procedente que a Universidade cobre a taxa por expedición da Tarxeta de Identidade en anos sucesivos ós que a expide de feito e para os que continúa a ser válida sempre que o estudante efectúe a súa matrícula.”*

### ***Q9711/14***

Presentada por un estudante en relación cunha revisión de exame.

*Solicitouse copia do informe elaborado pola Comisión de Reclamacións designada ó efecto e déuselle traslado do mesmo ó presentador da queixa.*

***Q9711/15***

Queixa presentada por unha estudante en relación co retraso na tramitación dunha solicitude de validación de estudos.

*Dáselle traslado do informe recibido da UXA e do Centro.*

***Q9712/01***

Queixa presentada por estudante á que non se lle concedeu a convocatoria extraordinaria Fin de Carreira.

*Solicitada a correspondente información comunícaselle á presentadora da queixa que non lle foi concedida a mencionada convocatoria por ter algunhas materias pendentes de validación. Se como resultado da validación cumprira os requisitos da convocatoria lle sería concedida a convocatoria extraordinaria.*

***Q9712/02***

Presentada por un traballador do cadro de Persoal Laboral da USC, en relación coa resolución da convocatoria do Concurso de Traslados para a provisión de prazas vacantes da Universidade de Santiago entre o persoal laboral das Universidades Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado por Resolución Rectoral do 17 de xuño de 1997. No escrito de queixa indica o seguinte:

1.- Con data 4 de xullo presentou dentro dos prazos establecidos nas Bases da convocatoria, a solicitude de participación no mencionado concurso.

2.- Con data 30 de setembro faise pública a resolución da Comisión de Avaliación do Concurso pola que se dispón a adxudicación das prazas a aspirantes, que de acordo co baremo contido nas Bases da Convocatoria, o presentador da queixa considera que teñen puntuacións inferiores á que lle correspondería a él. A resolución inclúe unicamente os nomes dos aspirantes ós que se lles adxudica praza e as súas puntuacións e non a relación completa de aspirantes coas puntuacións acadadas.

3.- Contra a resolución da comisión de Avaliación presentou reclamación o día 6 de outubro de 1997, que lle foi denegada, indicándosele que para a adxudicación das prazas a Comisión valorou a antigüidade dos aspirantes aplicando o criterio decidido pola Comisión Paritaria de interpretación do Convenio Colectivo no senso de considerar que o establecido nas Bases da Convocatoria: “As peticións dos aspirantes para a adxudicación dos postos serán valoradas en función do tempo de servizos prestados en calquera das Universidades Públicas” (Base 4ª.), debe interpretarse que serán valoradas en función da antigüidade na categoría.

4.- Que ata o día 1 de xaneiro de 1990 D. ... pertencía á categoría de ..., e coa referida data a USC procedeu a unha simplificación da estrutura de plantilla creando a categoría de ... na que o integrou. Esta decisión adoptada en función de criterios alleos á súa vontade non significou modificación algunha das funcións, condicións de traballo ou destino.

Solicitouse informe á Xerencia da Universidade e no mesmo manifesta que:

1.- A Comisión de Avaliación, vista a base sexta da convocatoria, non considerou necesario publicala valoración dos méritos de tódolos concursantes.

2.- En canto á interpretación do establecido na base cuarta da convocatoria, achégase copia da acta da Comisión Paritaria de Vixilancia e Interpretación do Convenio. onde se acorda que a antigüidade na Universidade se interprete como antigüidade na categoría.

3.- O traballador, pertencía ata o día 1 de xaneiro de 1990 á categoría de ... , a extinguir. A súa categoría actual, ..., non é resultado dunha simplificación da estrutura de plantilla, senón que é unha nova categoría que se encadra nun grupo de convenio distinto ó que tiña como ... A antigüidade nesta última categoría é a que foi valorada.

4.- Os acordos tomados pola Comisión Paritaria do día dous de xullo de 1997, non foi posible publicalos por non estar asinada a acta.

*Á vista do exposto cabe face-las seguintes consideracións:*

*1.- Na base sexta da convocatoria establécese que unha vez finalizado o proceso de valoración das solicitudes, a Comisión de Avaliación publicará nos taboleiros de anuncios dos Rectorados das Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, a proposta de adxudicación de prazas, fronte á que os interesados/as poderán formular reclamación no prazo de dez días naturais seguintes ó da publicación da mesma.*

*Agora ben, para que os interesados poidan fundamentala reclamación é necesario que coñezan, e que polo tanto se fagan públicos, os criterios empregados na valoración dos méritos presentados, e que coñezan a puntuación que lles asigna a Comisión de Avaliación.*

*2.- No que se refire á valoración da antigüidade tanto no Convenio Colectivo para o persoal laboral das Universidades Públicas de Galicia (artigo 16.2.d) como nas bases da convocatoria do Convenio de traslados (bases cuarta e sexta) establécese:*

*“As peticións dos aspirantes para a adxudicación de postos serán valoradas en función do tempo de servicios prestados en calquera das Universidades Públicas, e referidas á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, de acordo co seguinte baremo:*

*a) - 0,025 puntos por cada mes de antigüidade ata un máximo de 6 puntos.”*

*“No caso de empate entre candidatos/as desempatará a maior puntuación obtida en antigüidade na mesma categoría á que se opta. De persistilo empate empregarase o criterio de maior idade”.*

*É dicir que non só se di que se valora o tempo de servicios, sen facer ningunha referencia á categoría da praza, senón que para casos de empate establece que desempatará a puntuación na categoría á que se opta, ou o que é o mesmo que a puntuación total obtida por antigüidade pode selo en máis dunha categoría.*

*Considero polo tanto que na valoración da antigüidade non se aplicou de xeito correcto o establecido no Convenio Colectivo.*

*3.- No caso concreto de D. ... a valoración que a Comisión de Avaliación fixo dos seus méritos de antigüidade vese agravada polo feito de que o cambio de categoría non ven dado por unha decisión persoal, senón que é un cambio imposto pola Universidade de Santiago de Compostela, polo que non se pode considerar xusto que teña consecuencias que o prexudiquen 7 anos máis tarde. Finalmente, suxiro que a Universidade revise, tanto en xeral como no caso concreto que motiva a presente queixa, a valoración dos méritos de antigüidade do persoal laboral da mesma.*

**Q9712/03**

Queixa con once sinaturas en relación coas bases de participación en actividades deportivas, manifestando que non foi admitida a participación na competición que organiza a Universidade de Santiago de Compostela dun equipo de voleibol mixto.



*Á vista dos informes recibidos enviouse ó Vicerrectorado de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade Universitaria e ós interesados o seguinte escrito:*

*“1.- No caso de competicións deportivas organizadas pola Universidade de Santiago de Compostela pero que estén sometidas ós regulamentos das correspondentes federacións deportivas, a revisión das normas da competición compete ós órganos previstos nos estatutos de cada federación deportiva, estando fóra, polo tanto, das competencias do Valedor da Comunidade Universitaria.*

*2.- No caso de competicións e actividades deportivas organizadas pola Universidade de Santiago de Compostela e para as que as normas sexan competencia da propia Universidade, suxiro que se elimine, tal como se fai noutras actividades e servicios á Comunidade Universitaria, a discriminación que motiva a presente queixa.”*

#### ***Q9801/01***

Foi presentada queixa por un estudante en relación coa obtención de créditos de libre elección mediante a realización de traballos de campo e os prezos de matrícula que deben aboar polos mesmos.

*Á vista da información recibida considerase correcta a liquidación de prezos públicos feita pola Universidade para os traballos de campo da titulación cursada polo presentador da queixa.*

#### ***Q9801/02***

Presentada queixa por un estudante en relación cunha solicitude de ampliación de matrícula

*Solicitada a oportuna información considerase correcta a actuación da Universidade no caso que motiva a queixa.*

#### ***Q9801/03***

Queixa presentada por un estudante en relación coa denegación da renovación da bolsa de estudos.

*Dáselle traslado ó presentador da queixa do informe recibido da Sección de Bolsas da Universidade. Con posterioridade sonlle admitidas as alegacións presentadas contra a denegación da Bolsa de estudos*

#### ***Q9801/04***

En relación coa elaboración do censo dos estudantes de terceiro ciclo para as eleccións ó Claustro da Universidade. Na mesma indícase o seguinte:

- 1.- Que o 14 de xaneiro de 1998 a Comisión Electoral da Universidade acordou incluír no censo do sector de terceiro ciclo ós bolseiros que cumprisen as condicións establecidas no artigo 127 dos Estatutos da Universidade, así como solicitar ós Directores de Departamentos unha relación das persoas que cumpriran ditas condicións e do persoal investigador.
- 2.- Que nos censos provisorios correspondentes ós estudantes de terceiro ciclo só foron incluídos os estudantes matriculados nos cursos dos Programas de Doutoramento.
- 3.- Que polo tanto unha porcentaxe elevada de membros do sector que cumpren as condicións esixidas para estar incluídos no censo non aparecen nos listados provisorios, o que fai que a reclamación sexa un procedemento para a elaboración do censo e non para corrixir erros.

*Solicitada información ó Vicerrectorado de Coordinación do Campus de Compostela comunica o seguinte acordo adoptado no segundo punto da orde do día da reunión da Comisión Electoral celebrada o 29 de xaneiro de 1998:*

#### *“Reclamacións ó censo de terceiro ciclo.*

- *Acórdase incluír de oficio no censo definitivo a tódolos alumnos de terceiro ciclo que figuren nas listas remitidas á Comisión Electoral polos directores de departamentos, en resposta á petición que en tal sentido se lles cursou.*
- *Acórdase tamén incluír de oficio no censo a tódolos alumnos de terceiro ciclo matriculados en programas de doutoramento correspondentes ó bienio 1996-98 que, por algún erro, non figuren xa no mesmo.*

- Respecto ás solicitudes de inclusión presentadas de xeito individual pero avaladas por un director de departamento ou por un documento suficientemente acreditativo da condición de alumno de terceiro ciclo, acórdase aceptalas todas.

- En canto ás solicitudes de inclusión no censo presentadas de xeito individual e sen aval do director do departamento ou documento suficiente, acórdase proceder á comprobación de oficio e incluír ós solicitantes que cumpran os requisitos.”

#### ***Q9801/05 - Q9801/06***

Presentadas por uns estudantes en relación coa adaptación de estudos.

*Dáselles traslado ós presentadores das queixas do informe enviado polo Servicio de Alumnado da Universidade e envíase un escrito ó Sr. vicerrector de Ordenación Académica no que se di que: “Dados os evidentes prexuízos que se lles ocasiona ós estudantes reitérolle a necesidade de solucionar os problemas derivados da implantación dos novos planos de estudio.”*

#### ***Q9801/07***

Presentada por unha estudante en relación coa solicitude de bolsa de estudos

*Dáselle traslado do informe recibido da Sección de Bolsas da Universidade, no que se indican as causas que xustifican a denegación da Bolsa de estudos.*

#### ***Q9801/08***

Relacionada coa denegación dunha solicitude de Bolsa de estudos.

*Envíaselle o informe recibido da Sección de Bolsas no que se indican as causas que motivan a denegación.*

#### ***Q9802/01***

En relación coa matrícula da convocatoria Fin de Carreira.

*Envíasele o informe recibido do Servizo de Alumnado no que se inclúen os procedementos para a realización da inscrición na convocatoria Fin de Carreira e se lle indica que se considera correcta a actuación da Universidade.*

## **Q9802/02**

Presentada queixa por membros do Consello de Goberno do Sistema de Residencias Integrado (SRI) na que manifestan que na sesión que dito Consello celebrou o 17 de decembro de 1997 un dos seus membros presentou a proposta de que o Consello de Goberno do SRI solicitase participar na elaboración do regulamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) que se establece no artigo 138 dos Estatutos da Universidade, non permitindo a Presidenta que a proposta fora sometida a votación

No informe recibido do Vicerrectorado de Estudiantes indícase o seguinte:

- 1.- Debe indicarse que o Consello do SRI é un órgano de carácter consultivo de acordo co establecido no art. 15 do Estatuto do SRI.
- 2.- Na orde do día da sesión convocada para o 17 de decembro de 1997 figuraba como punto 5 “Informe sobre a nova regulación estatutaria do Sistema Universitario de Residencias”.
- 3.- Despois de distintas intervencións dos Conselleiros sobre a nova redacción dos Estatutos da USC, os Sres. ... solicitaron que se sometera a votación a intervención do Consello do SRI na redacción do Regulamento do SUR, sendo respondidos que dependería do futuro equipo rectoral e que non estaba previsto na orde do día.
- 4.- Neste senso hai que indicar que o artigo 26.3 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón:  
“No podrá ser objeto de deliberación o acuerdo ningún asunto que no figure incluído en el orden del día, salvo que estén presentes todos los miembros del órgano colegiado y sea declarada la urgencia del asunto por el voto favorable de la mayoría.”
- 5.- Na reunión do 17 de decembro de 1997 non estaban presentes tódolos membros do órgano, polo tanto non se podía someter a votación a inclusión de novos puntos na orde do día.

6.- Ademais, o artigo 62.e) da Lei 30/1992, indica que son nulos de pleno dereito aqueles actos dictados prescindindo das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados. É esencial que a orde do día conteña os asuntos a debater polo órgano colexiado e así os seus membros teñan coñecemento anticipado do que se vai tratar na reunión á que están convocados, e isto pode incidir na súa presenza na reunión. De aí que só se poden discutir asuntos incluídos na orde do día ou incluílos se están presentes tódolos membros e así o acordan ó obxecto de non desvirtuar así a formación da vontade do órgano colexiado.

*Tendo en conta o exposto:*

*1.- Considero correcta, en base á lexislación á que se fai referencia no anterior parágrafo 4, a actuación da Excm. Vicerrectora de Estudiantes na sesión do Consello de Goberno do S.R.I. celebrada o 17 de decembro de 1997, ó non aceptala solicitude, presentada durante a sesión por dous membros, de incluír a solicitude de participación do Consello do S.R.I. na elaboración do Regulamento do S.U.R.*

*2.- Sen embargo, a mesma lexislación mencionada establece o dereito dos membros dos órganos colexiados de solicitar, sempre que se faga coa debida antelación, a inclusión de puntos na orde do día. Por elo, e no caso de que a intervención dos Sres. Conselleiros na sesión do 17 de decembro non fose xa considerada como unha solicitude de inclusión, poderán solicitar formalmente a inclusión na orde do día dunha sesión a celebrar polo referido Consello, dun punto no que se debata se o Consello de Goberno do S.R.I. solicita, ou non, ó órgano correspondente a participación no proceso de elaboración do Regulamento do Servicio Universitario de Residencias.*

### ***Q9802/03***

Queixa presentada por unha estudante en relación coa expedición da Tarxeta de Identidade. Na queixa manifesta que a Tarxeta de Identidade solicitada no mes de abril de 1996 aínda non lle foi entregada o 6 de febreiro de 1998.

*Tendo en conta o exposto polo Vicerrectorado de Asuntos Económicos elaborouse o informe final indicando o seguinte:*

*1.- Dado que dispoñer da tarxeta de identidade é unha condición que a Universidade impón ós estudantes para acceder ós servizos que lles ofrece (e que nalgúns casos, como a Biblioteca*

*Universitaria, son fundamentais para a súa actividade), debe establecer un sistema áxil e rápido para que lles sexa expedida no prazo de tempo máis breve posible. Así mesmo debese informar claramente do procedemento a seguir para presentala oportuna reclamación no caso de que non dispoña da tarxeta de identidade no prazo establecido para elo.*

*2.- No caso concreto que motiva a presente queixa a estudante non dispuxo da tarxeta de identidade, e polo tanto estivo privada da utilización de determinados servizos, durante dous anos a pesar de dirixirse en repetidas ocasións tanto á entidade financeira como á correspondente Unidade de Xestión Académica. Por elo suxíro que a Universidade proceda á devolución de oficio das taxas abonadas pola expedición da tarxeta de identidade durante os anos académicos en que non puido facer uso da mesma.*

#### ***Q9802/04***

En relación cun concurso público de méritos para cubrir unha praza docente.

A presentadora da queixa interpuxo dous recursos contencioso-administrativos contra a Universidade de Santiago de Compostela, un pola vía da Lei 62/1978 de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa e outro pola vía ordinaria.

Por elo, e *dado que o artigo 8 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria establece que:*

*“O Valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que están sometidas a proceso xudicial ou sobre as que penda un expediente disciplinario sancionador.”*

*procedeuse ó arquivo da referida queixa.*

#### ***Q9802/05***

Presentada por un profesor en relación cunha solicitude de compatibilidade.

*Tendo en conta a información recollida elaborouse o seguinte informe final:*

- 1.- *No que se refire á forma do procedemento aberto como consecuencia da denegación da compatibilidade solicitada polo presentador da queixa é clara a incorrección do mesmo, como así é admitido polo propio Servicio de Profesorado, que adquire o compromiso de modificalo.*
- 2.- *No que e refire ás causas que motivan a denegación da compatibilidade, por ser unha competencia da Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galicia a análise das mesmas non é competencia do Valedor da Comunidade Universitaria.*
- 3.- *Sen embargo do informe do Servicio de Profesorado despréndese unha actuación irregular da Universidade nos casos en que os profesores necesiten a concesión de compatibilidade para desenvolver a súa actividade, xa que a normativa vixente establece que para poder simultanear a actividade docente a tempo completo con outra actividade no sector público ou privado é necesario ter concedida a compatibilidade, mentres que a Universidade de Santiago de Compostela está permitindo que se simultaneen ámbalas dúas actividades ata o momento en que a Xunta de Galicia resolva a solicitude de compatibilidade presentada polo interesado. Como consecuencia, naqueles casos nos que é denegada a compatibilidade, como sucede na presente queixa, durante o tempo transcorrido entre a presentación da solicitude e a resolución da mesma estase simultaneando a actividade docente a tempo completo con outra actividade, e polo tanto incumprindo a normativa vixente.*

*Por elo, aínda que se entenden as razóns aducidas no informe do Servicio de Profesorado, a Universidade terá que garantila impartición da docencia cumprindo a normativa vixente polo que recomendo que non se permita simultanear a actividade docente a tempo completo con outra actividade no sector público ou privado salvo naqueles casos, en que se teña a compatibilidade para elo, e a partir da data de concesión da mesma.*

#### ***Q9802/06***

Presentada por unha estudante en relación coa denegación de dispensa de asistencia a clase.

*Solicitouse información ó Centro, o que comunica que á vista das alegacións presentadas proceden á concesión da dispensa de asistencia ás clases teóricas.*

## **Q9802/07**

Queixa presentada por membros do Consello de Goberno dunha Residencia Universitaria en relación coa elaboración das ordes do día das sesións de dito Consello.

*A información recibida permite facelas seguintes consideracións:*

- 1.- Tal como indica o Sr. director da R.U., o escrito que presentan os membros do Consello de goberno solicitando a inclusión de temas na orde do día ven identificado co nome dun grupo e non consta a sinatura individualizada de ningún membro do órgano colexiado. Sen embargo, o grupo presentouse con esa identificación ás eleccións ó Consello de goberno da Residencia, polo que o Sr. director debía coñecer quén eran os membros do Consello de goberno que presentaban a proposta, e requeriilos para que a confirmaran, incluíndo as sinaturas individuais se así o consideraba necesario.*
- 2.- No que se refire á solicitude de que foran tratados temas non incluídos na orde do día da sesión do Consello de goberno, fíxose estando presentes tódolos membros do Consello de goberno. En consecuencia, é o órgano colexiado, por maioría, o que decide sobre a urxencia do tema e non parece procedente facer valoracións sobre a decisión que ó respecto tome.*

*Por elo recomendo que o director da R.U. facilite o debate dos temas que os residentes, a través dos seus representantes, consideren de interese para o mellor funcionamento do centro.*

## **Q9802/08**

Relacionada coa non aceptación da súa solicitude de matrícula na convocatoria Fin de Carreira. Dado que a non aceptación foi motivada por un incumprimento dos prazos establecidos o escrito non foi admitido como unha queixa formal.

*Non obstante solicitouse á Unidade de Xestión Académica informe do tratamento que se lle dá ás solicitudes presentadas fóra de prazo indicando o seguinte:*

“Soamente se admitiron fóra de prazo nos seguintes dous supostos:

- 1) Cando a solicitude fóra de prazo era como consecuencia da recepción dunha denegación de validación fóra dos prazos establecidos para a presentación de instancias para concorrer ós exames fin de carreira. Neste suposto a causa é imputable á Universidade posto que o alumno non puido coñecer en prazo se tiña ou non validada unha determinada materia e poder actuar en consecuencia. Deste suposto so se produciu un caso.



2) Asemade admitíronse fóra de prazo e co fin de facilitar a conclusión dos estudos os supostos excepcionais nos que soamente lle restaba unha materia para concluílos.”

Deste informe deuse traslado ó presentador da queixa.

#### ***Q9803/01***

Presentada por unha estudante en relación coa denegación dunha solicitude de validación de créditos de libre configuración.

*O informe recibido do Servicio de Alumnado pon de manifesto que ó non cumprirse as condicións requiridas foi correcta a actuación da Universidade na resolución que motiva a presente queixa.*

#### ***Q9803/02***

Presentada por un estudante en relación coa denegación dunha solicitude de anulación de matrícula.

*Presentada reclamación polo alumno, dita reclamación foi aceptada por resolución rectoral e procedeuse á anulación parcial e á tramitación da devolución do importe dos prezos públicos correspondentes á citada materia.*

#### ***Q9803/03***

Relacionada coa formalización do título de Diplomada

Pendente da resolución da solicitude presentada.

#### ***Q9803/04***

Presentada por unha estudante en relación cunha validación de estudos.

Solicitado informe, o Servicio de Alumnado comunica o seguinte:

- “1.- Mediante Resolución do 23 de abril declárase nula e sen efecto a Resolución do 3 de marzo de 1998 e suspéndese a execución do 9 de xaneiro de 1998, resolucións que afectan as validacións solicitadas.
- 2.- Na citada Resolución do 23 de abril de 1998 noméase instructor do expediente de revisión de oficio a este Xefe de Servicio.
- 3.- Dado que previa á resolución deberá recibirse informe polo Consello Consultivo de Galicia, daráselle conta da resolución do expediente unha vez efectuados os trámites legais establecidos.”

*Dase traslado deste escrito á presentadora da queixa, e non se ten recibido ningunha comunicación posterior.*

#### ***Q9803/05***

Queixa presentada sobre a denegación da solicitude de ampliación de matrícula.

*Á vista do exposto no informe recibido do Servicio de Alumnado considérase correcta a actuación da Universidade.*

#### ***Q9803/06***

Presentada por unha estudante en relación coa cualificación dunha proba parcial . Na mesma expón que na cualificación do seu exercicio aplicáronse uns criterios distintos ós empregados para o resto dos estudantes que se presentaron á referida proba debido a que o profesor da materia considerou que copiara durante a realización da mesma. Así mesmo pon de manifesto o que considera un trato discriminatorio con respecto á outra estudante implicada, xa que a presentadora da queixa foi a única das dúas convocada polo profesor para ser informada dos feitos.

O profesor da materia enviou un informe no que da conta das circunstancias nas que se realizou a proba e dos criterios empregados na cualificación dos exercicios, e á vista do mesmo *pódese indicalo seguinte:*

1.- *As Directrices Xerais sobre avaliación do rendemento académico dos estudantes”, aprobadas pola Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela establecen no parágrafo 14:*

*“A realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba esixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor.”*

*É claro que a aplicación deste artigo require a previa comprobación e delimitación das actuacións e responsabilidades das persoas implicadas nos feitos, evitando prexudicar as persoas que sexan partícipes de xeito involuntario e pasivo.*

2.- *Nos feitos que motivan a presente queixa, o propio profesor di que en ningún momento afirmou que as estudantes copiaran.*

3.- *O profesor convocou á presentadora da queixa para comunicarlle que a cualificación obtida non era compensable, polo que é admisible a xustificación dada para non convocar á outra estudante.*

*Por todo elo, suxiro que o tratamento que se de á cualificación obtida pola presentadora da queixa na proba parcial sexa idéntico ó do resto dos estudantes da referida materia, de xeito que a puntuación obtida na mesma non poderá ser compensada só no caso de que non o sexa tampouco para ningún outro estudante.*

### ***Q9803/07***

Presentada queixa por unha estudante na que indica que no presente curso académico 1997/98 non lle foi admitida a matrícula nunha materia por ter esgotadas sete convocatorias a pesar de que en ningún momento solicitou que lle fora concedida a sétima convocatoria.

O informe recibido da Unidade de Xestión Académica indica o seguinte:

1.- *Según o establecido no parágrafo 14 das Normas de Xestión Académica “os alumnos que formalicen matrícula ordinaria disporán de dúas convocatorias por curso e dun máximo de sete convocatorias para superar cada materia”, non esixíndose ningún requisito especial, nin previa solicitude para a formalización da matrícula.*

2.- O Acordo da Xunta de Goberno de 22-4-96 no punto 1º. di o seguinte: “Os alumnos da Universidade de Santiago que tiveran esgotadas sete convocatorias para superar algunha materia, poderán concorrer de novo a exame se non lles restaran máis de tres materias para concluí-los seus estudos, sen contabilizar aquelas materias que non poden ser superadas como consecuencia de existir unha materia prelación non superada.”

A alumna reclamante non reúne os requisitos anteriormente mencionados xa que lle restan 161 créditos para superar a Diplomatura.

*Á vista do exposto considérase que a actuación da Universidade é correcta ó non admitila formalización da matrícula, por ter esgotado sete convocatorias coa cualificación de suspenso, e non ser de aplicación o establecido no acordo de Xunta de Goberno de 22 de abril de 1996, que se indica no anterior parágrafo 2.*

*Sen embargo, no momento en que cumpra as condicións esixidas no referido acordo de Xunta de Goberno podería concorrer de novo a exame.*

#### ***Q9804/01***

Presentada por tres estudantes en relación co procedemento seguido para impoñerlles unha sanción de expulsión do SRI.

O Sr. secretario xeral da Universidade comunicou que os presentadores da queixa teñen interpostos dous recursos administrativos contra a Universidade de Santiago de Compostela, un pola vía da Lei 62/1978 de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa (do que xa desistiron perante o tribunal) e outro pola vía ordinaria.

Por elo, *procedeuse ó arquivo da referida queixa.*

#### ***Q9804/02***

Presentada por un estudante en relación coa denegación da bolsa de axuda compensatoria que tiña solicitada.

*Dáselle traslado do informe recibido da Sección de Bolsas no que se indica que están pendentes de resolución as alegacións presentadas polo solicitante.*

Con posterioridade comunicásemme a concesión da Axuda.

#### ***Q9804/03***

Presentada polo Sr. director dunha Residencia Universitaria solicitando que se tomen as medidas oportunas para que unha persoa non perturbe a tranquilidade dos residentes.

*Infórmase que o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria, aprobado pola Xunta de Goberno da Universidade, non faculta a este órgano para tomar medidas dese tipo. Non é admitida a trámite como queixa e trasládase ó Vicerrectorado de Estudiantes para que leve a cabo as accións que considere oportunas.*

Ata o momento non se tivo resposta de dito Vicerrectorado.

#### ***Q9804/04***

Presentada por dúas traballadoras dunha Residencia Universitaria.

*Análoga á queixa Q9804/03*

#### ***Q9804/05***

Relacionada cunha solicitude de validación de créditos de libre configuración. *Suspéndese a apertura da investigación por ter presentada unha reclamación. Con posterioridade comunicóuseme a concesión da validación solicitada.*

#### ***Q9804/06***

Presentada por unha estudante en relación co retraso na entrega da acta de exame dunha materia correspondente á convocatoria fin de carreira. Na mesma indica que mes e medio despois de

rematado o prazo de remisión das actas, éstas aínda non foron recibidas na correspondente Unidade de Xestión Académica, polo que non pode realizalos trámites de obtención do título de licenciada.

Recibida a información solicitada á Unidade de Xestión Académica, na mesma indícase o seguinte:

- 1.- Que a acta de exame que motivou a presente queixa foi remitida á UXA con data de saída 22 de abril.
- 2.- Que con data 30 de abril aínda non se recibiran do mesmo Centro actas de exame correspondentes a cinco materias do 1º cuatrimestre.

*Solicítouse ó Vicerrectorado de Ordenación Académica que lembre ó Centro a obrigatoriedade de cumprilos prazos establecidos para a remisión das actas de exame, e controle o cumprimento dos mesmos.*

O Vicerrector de Ordenación Académica trasladou ó centro o escrito do Valedor para que se faga chegar ós profesores facéndolles notar os graves prexuízos que poden causar ós estudantes e eventualmente á propia Universidade.

No mes de setembro o Secretario Xeral enviou un escrito ó profesorado recordando o prazo de entrega das actas de exame.

#### ***Q9804/07***

Queixa presentada por unha estudante que ten presentada ante o Sr. rector unha solicitude en relación coa vinculación das materias optativas.

*Faise un seguimento do proceso que remata cunha comunicación á presentadora da queixa na que se lle indica que as materias optativas están vinculadas a ciclos, polo que é irrelevante o número de créditos que se realice en cada un dos cursos nos que se organizan os ciclos, e que para rematalos seus estudos deberá superalo número de créditos optativos que se establezan en cada un dos dous ciclos independentemente do curso ó que estean asociados.*

#### ***Q9805/01***

En relación cun concurso público de méritos para cubrir unha praza de profesor. Na mesma indícase o seguinte:

1.- Que a Comisión Xulgadora resolveu o referido concurso, elevando proposta de provisión a favor da presentadora da queixa.

2.- Que un dos asinantes do concurso presentou reclamación, contra a proposta ó abeiro do establecido no artigo 27 da “Normativa para a selección do persoal docente interino e contratado”

3.- Que non recibiu ningunha comunicación sobre a valoración que a Comisión de Revisión fixo da reclamación indicada nin da resolución do concurso, pese ó establecido no artigo 29 da mencionada Normativa.

Solicitouse un informe ó Vicerrectorado de Profesorado no que indica o seguinte:

1.- Unha vez publicada no taboleiro oficial do Centro no que se realizou a selección a proposta da Comisión Xulgadora, presentouse unha reclamación contra a proposta de provisión.

2.- A Comisión de Revisión analizou a reclamación acordando por unanimidade solicitar da Comisión Xulgadora a revisión, xustificación e modificación, no seu caso dunha serie de aspectos relativos á valoración da candidata proposta e do reclamante.

3.- A Comisión Xulgadora enviou un escrito de contestación ratificándose, por maioría, na proposta inicial.

4.- A Comisión de Revisión reuniuse de novo acordando convocar á Comisión Xulgadora a unha xuntanza no Rectorado. No transcurso da reunión acordouse, por unanimidade das dúas Comisións, facultar ó presidente da Comisión de Revisión para recabar tres informes externos entre catedráticos da área de coñecemento de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, garantíndose en todo o proceso a confidencialidade dos informantes, sobre os currícula da candidata proposta e do reclamante ós efectos de ter elementos de xuízo suficientes cara á proposta de resolución da reclamación da praza.

5.- Desta situación foi informada a candidata proposta en resposta á súa solicitude de toma de posesión por transcurso do tempo de resolución da reclamación.

6.- Unha vez recibidos os informes externos, os tres coinciden en sinalar ó reclamante, en virtude dos seus méritos, como o máis cualificado para ocupala praza, poñendo de manifesto a súa superioridade nos apartados de rendemento académico, experiencia docente e experiencia investigadora.

7.- Dado que a comisión de revisión non pode ir máis alá dun control negativo sobre a actuación das comisións xulgadoras e dada a contradicción manifesta entre os informes emitidos e a actuación da comisión xulgadora, acordou non ratificala proposta da comisión xulgadora e elevar proposta ó Rector declarando a non provisión da praza, que por outra banda ten cuberta a súa docencia cunha praza de substitución ata o 30 de setembro de 1998.

Os artigos 27 e 29 da Normativa para a selección do persoal docente interino e contratado da Universidade de Santiago de Compostela establecen:

“Art. 27. Contra estas propostas, os interesados poderán presentar reclamación perante o Rector, no prazo de 5 días hábiles a partir da súa publicación. Esta reclamación será valorada por unha Comisión de Revisión que, presidida polo Vicerrector que designe o Rector, resolverá nun prazo non superior a 2 meses. A Comisión, de ser o caso, poderá solicitar os asesoramentos que estime oportunos. A Comisión de Revisión, en resolución motivada, propondrá ó Rector a ratificación ou non da proposta da Comisión Xulgadora.

Admitida a trámite a reclamación, suspenderase o procedemento ata a súa resolución.

Art. 29. As reclamacións previstas no artigo 27 e 29, presentadas polos concursantes, entenderanse desestimadas polo simple transcurso do prazo para dictar resolución, sen prexuízo do deber de dictar unha resolución.”

*É importante constatar, en primeiro lugar, que a praza motivo de queixa ten cuberta a súa docencia ata o 30 de setembro de 1998. Esta cobertura da docencia terá que garantirse en tódolos casos dende o comezo do curso, xa que a resolución dos concursos pódese retrasar considerablemente, e delo é bo exemplo a presente queixa na que a Resolución Rectoral fallando un concurso de profesorado convocado para o curso 1997-98 está sen asinar no mes de maio de 1998.*

*Por outra parte é tamén necesario indicar que a actuación da Comisión de Revisión no que se refire á solicitude de asesoramentos externos e á non ratificación da proposta da Comisión Xulgadora axústanse ó establecido na Normativa para a selección de persoal docente interino e contratado aprobada pola Xunta de Goberno da Universidade.*



*Sen embargo, a Comisión de Revisión non cumpriu o prazo de dous meses de que dispón para resolvelas reclamacións presentadas (art. 27). Hai que facer notar que en casos como o presente en que a Comisión de Revisión considere necesario solicitar asesoramentos externos é moi difícil que dito prazo se poida cumprir, o que prantexa unha inconsistencia xa que os asesoramentos se reciben cando as reclamacións xa están desestimadas.*

*En calquera caso, salvada a obrigatoriedade de que a docencia sexa impartida, a cuestión de fondo da presente queixa está na situación que se prantexa nos casos en que existe discrepancia entre a proposta da Comisión Xulgadora e o acordo da Comisión de Revisión baseado en informes externos. En primeiro lugar unha resolución do concurso coa non provisión da praza debería ser consecuencia da non existencia, a xuízo das comisións, dun candidato adecuado pero non dunha imposibilidade de decidir entre candidatos que reúnan méritos suficientes. Por outra parte, coa resolución de non cubrir a praza o proceso volve á situación inicial o que fai probable que se volva reproducir ata que a Comisión Xulgadora faga unha proposta de provisión coa que estea de acordo a Comisión de Revisión, é dicir que coincida cos informes externos de que dispón a Comisión de Revisión. Por elo, en casos como o da presente queixa sería necesario proceder a unha análise das causas que motivan a discrepancia entre as Comisións, xa que se ben é necesario que, cumprindo coa publicidade dos criterios empregados e xustificando os acordos, as Comisións Xulgadoras de Méritos gocen de total discrecionalidade, tamén o é que a Comisión de Revisión teña como unha das súas responsabilidades evitar que ditas Comisións actúen con arbitrariedade e garantir o proceso de selección do profesorado.*

*Dado que na práctica actual os concursos de provisión de prazas docentes interinas ou contratadas constitúen a etapa determinante da selección do profesorado da Universidade, considero necesario proceder con urxencia a unha fonda análise e revisión xeral da normativa para a contratación do profesorado, así como da actuación das Comisións Xulgadoras de Méritos.*

Con posterioridade o Vicerrectorado de Profesorado comunicame que xa deu os primeiros pasos para iniciar a devandita análise e, no seu caso, proceder á revisión da normativa.

## **Q9805/02**

Queixa presentada por dous licenciados en relación cun Exame de Grao de licenciado. Na mesma indican o seguinte:

1.- Que estando en posesión do título de licenciado e habendo aprobado o exame de grao, a cualificación final que se lles asignou foi a de suspenso.

2.- Que na valoración do expediente académico dos licenciados que se presentaron ó dito exame de grao víronse favorecidas aquelas persoas que presentaron certificacións de estudos nas que non constaban as cualificacións de suspenso ou non presentado, fronte a aqueles que presentaron unha certificación de estudos completa, na que si constaban ditas cualificacións.

Solicitáronse informes ó Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións e ó Decanato da Facultade. Os mesmos poñen de manifesto, que o Tribunal determinou o número de convocatorias en función dos datos existentes nas certificacións académicas aportadas polos presentados ó exame de grao, pero no caso de licenciados procedentes doutras Universidades as mesmas non contiñan información suficiente para que o cómputo de convocatorias puidera efectuarse de xeito correcto, polo que os licenciados da Universidade de Santiago de Compostela puideron verse prexudicados na valoración do seu expediente.

*En consecuencia suxírese que en posteriores convocatorias do exame de grao se poña como condición para que se admita a matrícula no mesmo a presentación polos licenciados procedentes doutras Universidades dunha certificación académica completa, na que figuren tódolos datos que permitan a valoración de expedientes nas mesmas condicións que ós licenciados da Universidade de Santiago de Compostela.*

Por outra parte na valoración do expediente académico non se aplicou o establecido na Normativa Básica de Xestión Académica, senón que foi empregado un procedemento que prexudica significativamente ós estudantes, xa que existe unha significativa diferenza entre as notas medias dos expedientes académicos que se obteñen cos dous criterios.

Esta menor valoración dos estudos da licenciatura é posible que fora determinante da cualificación final de suspenso que lles foi asignada a algúns dos licenciados que realizaron o exame, e que pola contra, aplicando o criterio que establece a mencionada Normativa Básica poideran obtela cualificación final de aprobado no exame de grao. Por elo recomendo que se proceda á revisión das cualificacións asignadas ós licenciados que realizaron o exame de grao da licenciatura de veterinaria na convocatoria correspondente ó ano 1997.

### ***Q9805/03***

En relación co procedemento de devolución do importe das bolsas que lle foron concedidas durante os cursos 1993/94 e 1994/95.

*Non é admitida a trámite por tratarse dun acordo da Dirección General de Formación Profesional y Promoción Educativa do Ministerio de Educación y Cultura, e as competencias do Valedor da Comunidade Universitaria estar limitadas ós acordos tomados polos órganos da Universidade de Santiago de Compostela.*

*Sen embargo, solicitouse da Sección de Bolsas da Universidade a información de que dispuña sobre o procedemento de devolución que motivaba a queixa e dase traslado da mesma á interesada.*

#### ***Q9805/04***

Presentada por unha estudante en relación co procedemento de realización de exames. Na mesma expón o seguinte:

- 1.- Que durante o presente curso académico varios estudantes matriculados nunha materia non realizaron, total ou parcialmente, as prácticas da mesma.
- 2.- Como consecuencia de non ter realizado as ensinanzas prácticas o profesor da materia comunicoulles que tiñan a cualificación de suspenso nas convocatorias de xuño e setembro do presente curso.

O Vicerrectorado de Ordenación Académica, na información que lle foi solicitada, comunicou o seguinte:

1. A) As DIRECTRICES XERAIS SOBRE AVALIACIÓN DO RENDEMENTO ACADÉMICO DOS ESTUDIANTES (Xunta de Goberno do 27 e 28 de febreiro de 1997) establecen que:

“O departamento, en colaboración co centro, ten a obriga de elaborar para cada materia unha programación docente que deberá especificar:

- c) Criterios e sistema de avaliación (tipo e número de probas, traballos para presentar coas posibles datas).

Os departamentos garantirán que o programa e demais apartados da programación anual de cada materia se axustan ó plano de estudos vixente.

As avaliacións das materias terán por obxecto facer o seguimento de ata qué punto se alcanzan os obxectivos preestablecidos. Os estudantes serán avaliados de acordo cos criterios que figuren de forma explícita na programación da materia e que, en xeral, se basearán, seguindo as tradicións aceptadas pola comunidade universitaria, nalgunha ou nalgunhas das seguintes actividades:

a) Asistencia e participación en clases teóricas, seminarios e outras actividades complementarias.

b) Realización de prácticas e traballos de laboratorio.

c) Presentación de traballos relacionados co contido da materia.

d) Probas parciais.

e) Proba final.

f) Outras actividades específicas que tamén garantan a avaliación obxectiva do rendemento do estudante.

En consecuencia, na programación docente débense incluír os criterios de validación, entre estes, a realización de prácticas de laboratorio.

B) Maior problema representa o requisito de asistencia ás prácticas para aprobar a disciplina na convocatoria de setembro ou en convocatorias extraordinarias.

A norma antes citada establece no seu apartado 4:

4.- Os estudantes teñen dereito a ser avaliados en tódalas materias das que estean matriculados. Sen embargo, non teñen dereito a datas de avaliación distintas das previstas se están matriculados de materias con datas de avaliación coincidentes. Procurarase que non haxa materias de cursos sucesivos con calendarios de avaliación coincidentes.

De esixir a presenza en prácticas para convocatorias posteriores á ordinaria podería estarse a vulnerar o dereito a unha segunda convocatoria, tendo en conta, ademais, a posibilidade de realizar exames de tipo práctico que poidan chegar a demostrar os coñecementos impartidos durante o curso.

C) En conclusión, na Programación Docente débense incluílos criterios de avaliación, podendo ser un deles a realización de prácticas de laboratorio. Sen embargo, de utilizarse este criterio para convocatorias sucesivas (onde non existe a posibilidade de asistencia ás prácticas) estaríase imposibilitando, de feito, a avaliación nunha disciplina na que se atopa matriculado. Na regulamentación actualmente existente nesta materia na USC non existe ningunha solución xurídica ó respecto, agás o dereito a ser avaliado nas materias das que se estea matriculado.

2. As "DIRECTRICES XERAIS SOBRE AVALIACIÓN DO RENDEMENTO ACADÉMICO DOS ESTUDIANTES" establecen no seu apartado 7 que "A programación docente de cada materia fará explícita a cualificación que se debe outorgar ós estudantes que realicen algunha proba de avaliación e non se presenten á proba final. Se non figura referencia explícita, entenderase que os estudantes que non se presenten a esta proba final e non superen a materia serán cualificadas como "Non presentado".

*Deste escrito deuse traslado ó profesor da materia e á presentadora da queixa*

#### ***Q9805/05***

Presentada queixa por un estudante en relación cunha validación de estudos.

*Estase á espera de recibila información solicitada*

#### ***Q9805/06***

Queixa presentada por unha estudante en relación coa denegación dunha solicitude de ampliación de matrícula. Na mesma indica o seguinte:

- 1.- Que ó solicitar información na Unidade de Xestión Académica indicóuselle que o prazo de solicitude de ampliación de matrícula remataba o 15 de decembro. Achega declaración de dúas testemuñas presenciais e doutra persoa que declara que recibiu a mesma información.
- 2.- Como consecuencia o día 19 de novembro solicitou a inclusión na matrícula de dúas materias.

3.- Que asistiu con regularidade ás clases das referidas materias, tendo aprobado o primeiro parcial dunha delas. Achega escritos dos profesores confirmando estes feitos.

4.- Que por escrito de data 27 de xaneiro se lle comunica a denegación da solicitude de ampliación de matrícula, e posteriormente se lle desestima a reclamación interposta contra a mesma.

No informe que se solicitou á Unidade de Xestión Académica indícase que “de acordo coa convocatoria de matrícula para o Curso Académico 1997/98 e o Acordo da Xunta de Goberno sobre Normas de Xestión Académica de data 13 de xuño de 1997 a solicitude da alumna foi presentada fóra do prazo regulamentado polo que se procedeu a tramitara para resolución do Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións. Con data 27 de xaneiro de 1998 desestímase a ampliación de matrícula recoñecéndolle o dereito de reclamación. Con data 16 de marzo resólvese a reclamación interposta sendo desestimatoria e comunicando a posibilidade de recurso ante os Tribunais Contencioso Administrativo.

Respecto a cuestión plantexada no punto primeiro do seu escrito, recordarlle que a información facilitada durante os períodos de matrícula corresponde a persoal do COIE, e que a normativa reguladora da mesma procedese á súa publicación, e mesmo no libro de matrícula que se lle entrega a cada alumno xunto coa solicitude de matrícula figuran extractadas as mesmas.”

En relación co informe emitido pola Unidade de Xestión Académica é necesario precisar que no libro de matrícula que se lles entrega ós estudantes figura o prazo para “Desistencia e modificación da matrícula”, enténdéndose por modificación a substitución dunha materia por outra, pero non a inclusión de novas materias. Esta inclusión de novas materias ou “ampliación de matrícula” ven regulada por unha Instrucción do Vicerrectorado de Ordenación Académica de data 4 de novembro de 1997 que di:

“No período ordinario de matrícula os alumnos poderán realiza-las modificacións que estimen pertinentes á matrícula realizada.

A partir do 17 de novembro a modificación de matrícula soamente será dunha materia por outra e axustándose ós prazos que establece o apartado 13 do Acordo de Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1997.”

De acordo co anterior se ben a solicitude de ampliación de matrícula foi presentada fóra de prazo, o único xeito de poder recibir información do referido prazo era mediante consulta verbal xa que non fora publicado no libro de matrícula. Por outra parte a consulta foi realizada no mes de outubro, é dicir, con anterioridade á data da Instrucción do Vicerrectorado.

Tanto polo que se acaba de expoñer como polos testimonios que acompañan á presente queixa pódese deducir que o feito de que a solicitude de ampliación de matrícula fora presentada dous días despois de rematado o prazo pode ser consecuencia dun fallo no procedemento de información non achacable de xeito total á presentadora da queixa. Por outra parte tanto a través de consultas como de queixas presentadas ante o Valedor da Comunidade Universitariaponse de manifesto que é frecuente que se plantexen situacións análogas á da presente queixa, e das que resultan serios prexuízos para os estudantes afectados polas mesmas.

*Por elo considero necesario que a Universidade extreme o rigor no proceso de información e publicidade dos prazos de modificación ou ampliación de matrícula, e procure unha simplificación ou unificación dos mesmos. No caso concreto que motiva a presente queixa existen circunstancias razoables que fan supoñer que o incumprimento do prazo non é achacable á presentadora da queixa polo que considero que no seu momento se podería ter admitido a reclamación presentada.*

#### ***Q9805/07***

En relación coa desestimación das alegacións presentadas á proposta de denegación da bolsa dunha bolsa de estudos

*Dáselle traslado do informe recibido da Sección de Bolsas da Universidade no que se indican as causas que motivan a denegación da solicitude de bolsa de estudos que motiva a presente queixa.*

#### ***Q9805/08***

Presentada queixa por unha estudante en relación coa denegación da bolsa de estudos que tiña solicitada.

*A Sección de Bolsas da USC informou que unha vez comprobada a situación familiar propúxose a concesión dunha axuda compensatoria.*

***Q9805/09 - Q9805/10***

Escritos recibidos da Dirección dunha Residencia Universitaria solicitando que “se tomen as medidas oportunas para que determinadas persoas non perturbem a tranquilidade” en dita Residencia.

*Reitéraselle que o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria non contempla a posibilidade de tomar ningún tipo de medidas.*

*Os escritos non son admitidos a trámite como queixas e póñense os feitos en coñecemento da Excm. Sra. vicerrectora de Estudiantes para que leve a cabo as actuacións oportunas, solicitándolle que informe das mesmas.*

Non se ten recibido ningún escrito con posterioridade.

***Q9805/11***

Queixa relacionada cunha solicitude de revisión de exame. Na mesma indícase o seguinte:

- 1.- Que no mes de xaneiro de 1998 realizou o exame final dunha materia correspondente á convocatoria Fin de Carreira.
- 2.- O día 18 de febreiro procedeuse á revisión do exame.
- 3.- Como resultado desta revisión con data 19 de febreiro presenta reclamación solicitando a actuación da Comisión de Docencia.
- 4.- Que non ten recibido ningunha resposta a este último escrito de reclamación.

O informe recibido do Centro indica que a presentadora da queixa “presentouse á convocatoria de febreiro da citada materia, obtendo a cualificación de aprobado. Enterada a alumna da cualificación indicóuselle verbalmente que non tiña sentido continuar coa reclamación sobre a cualificación de fin de carreira, xa que o problema quedaba resolto, ó que a alumna asintiu.”

Dado que o anteriormente exposto non coincidía co contido da queixa, solicitouse confirmación da intención de que se dera resposta á solicitude de revisión de cualificacións de exame presentada.



Recibida a resposta a este escrito confirmase a solicitude de revisión da cualificación asignada ó exame correspondente á convocatoria Fin de Carreira.

*Envíase escrito ó Centro indicando o seguinte:*

*“considero que se debe dar cumprimento ó que se teña establecido no Regulamento de Réxime Interno do Centro, con respecto á revisión de cualificacións de exames, ou no seu defecto ó que establecen os parágrafos 17.1.1 e 17.1.2 das “Directrices xerais sobre avaliación do rendemento académico dos estudantes” aprobadas pola Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela:*

*17.1.1 Dereito dos estudantes a presentaren as reclamacións debidamente motivadas que consideren oportunas. O prazo para a presentación de tales reclamacións deberá iniciarse con posterioridade á revisión de exames recollida no artigo 12 desta normativa.*

*17.1.2 Á vista da reclamación, o decano/director do centro decidirá sobre a admisión a trámite da alegación presentada, que deben admitirse, agás no caso de que estea presentada fóra de prazo ou non estea debidamente motivada.*

#### ***Q9806/01***

Análoga á queixa *Q9805/04*

#### ***Q9806/02***

En relación cunha solicitude de matrícula.

*A Unidade de Xestión Académica informa que xa foi efectuada e notificada.*

#### ***Q9806/03***

Presentada queixa por unha estudante do primeiro curso dun Centro con límite de acceso en relación cunha solicitude de dispensa de matrícula. Na mesma expón o seguinte:

- 1.- Que se matriculou por primeira vez no curso 1997/98.
- 2.- Que no mes de febreiro de 1998 detectóuselle unha grave doenza que lle impide seguir os estudos durante o presente curso académico.
- 3.- Como consecuencia, para poder continuar os estudos o vindeiro curso conservando a praza obtida para o curso 97/98 solicitou dispensa de exame nas convocatorias de xuño e setembro.
- 4.- Que recibiu resposta a dita solicitude concedéndolle a anulación da matrícula, o que a obriga a solicitar a preinscrición novamente para o curso 98/99, co risco de non obter praza.

*Solicitado informe ó Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións non se ten recibido resposta.*

#### ***Q9806/04***

Queixa relacionada coa desestimación dunha solicitude de validación de estudos.

*Recibidos os informes solicitados, estase elaborando o informe final.*

#### ***Q9806/05***

Presentada por tres membros do PAS da Universidade, en relación coa concesión dun plus. Na mesma indican que como consecuencia da existencia dun erro no plus que lles foi concedido se lles comunicou a retención nas nóminas da diferenza entre o que tiñan cobrado e o que lles correspondía.

Dos informes recibidos dedúcese que a esixencia da devolución das cantidades que a Universidade lles tiña abonado en exceso ós presentadores da queixa ven imposta polo que establece a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, tal como indica o informe da Xerencia.

Por outra parte, cómpre dicir que o procedemento seguido pola Sección de Nóminas en casos como o presente “poñéndose de acordo en como se vai facer esa devolución para causarlles o menor prexuízo posible e darlles as máximas facilidades” é adecuado e resulta obrigado, xa que outro procedemento podería causar prexuízos ás persoas que se ven na obriga de sufrir retencións nas súas

nóminas. Sen embargo, no informe da Xerencia non se di que ós presentadores da queixa se lles informara do procedemento que poderían seguir para reclamar contra a esixencia de devolución no caso de que se consideraran lexitimados para facelo, o que suxiro que se faga en adiante.

Por último, tal como indica o informe da Xerencia o erro na asignación do Plus foi advertido no mes de outubro de 1997, e foi comunicado ós implicados con data 18 de maio de 1998. Tendo en conta as repercusións económicas do erro a Universidade de Santiago de Compostela non actuou correctamente retrasando a comunicación, polo que *suxiro que no futuro os erros sexan postos en coñecemento das persoas afectadas no momento en que sexan advertidos.*

### ***Q9806/06***

En relación con problemas ocasionados pola homologación do Título de Licenciado no procedemento de formalización da matrícula nun curso xa realizado polo presentador da queixa.

*Postos os feitos en coñecemento do Servicio de Alumnado, o mesmo dálle unha solución satisfactoria.*

### ***Q9806/07***

En relación co retraso en recibir resposta á solicitude de bolsa de estudos.

A Sección de Bolsas da Universidade informou que como consecuencia do proceso de reclamación o 25 de maio a Universidade envía proposta de concesión da bolsa e que a data de hoxe aínda non foi contestada polo Ministerio de Educación e Cultura.

No mesmo informe sinálase tamén o seguinte: “Asemade como responsable desta unidade teño que manifestar a miña insatisfacción polo retraso na resolución das solicitudes de bolsa, pois non ten sentido recibir unha axuda ó estudio ó final do curso incumprindo así o principal obxectivo que teñen as bolsas e axudas ó estudio.”

*Deuse traslado do informe á presentadora da queixa.*

### ***Q9806/08***

Relacionada coa convocatoria anual de axudas ó estudio da que é beneficiario o persoal desta Universidade.

Dado que unha queixa análoga foi admitida a trámite con anterioridade, *reiterouse ó Vicerrectorado de Asuntos Económicos o indicado nos escritos de datas 5 de maio de 1997 e 27 de novembro de 1997, nos que se facía a seguinte recomendación:*

*“... recomendo que nas convocatorias de Axudas de Prezos públicos que convoque a Universidade de Santiago de Compostela se inclúan os estudos que se realicen en titulacións non impartidas no Sistema Universitario Galego, e que en caso de ser necesario limitalas axudas polo limitado dos recursos asignados, os criterios que se apliquen teñan en conta a situación económica familiar e non se exclúa a aqueles que teñen que cursar estudos fóra de Galicia.”*

Na convocatoria de axudas ó estudio para o persoal da Universidade correspondente ó curso 1998/99 incluíronse estas axudas modificando as convocatorias de cursos anteriores.

#### ***Q9807/01***

*Referenciada no apartado de actuacións de oficio e informes*

#### ***Q9807/02***

Presentada por un estudante dun centro adscrito en relación co procedemento de revisión de exames.

*Á vista do informe recibido da Dirección do centro enviouse un escrito ó Vicerrectorado de Ordenación Académica solicitando que informe, o máis axiña posible, se as “Directrices Xerais para a avaliación do rendemento académico dos estudantes” son de aplicación no centro, e de non selo cáles son as razóns para elo, e si a Universidade ten previsto algunha actuación cara a garantir que tódolos estudantes da Universidade de Santiago de Compostela teñan os mesmos dereitos.*

Non se ten recibido a información solicitada.

#### ***Q9807/03***

*Referenciada no apartado de actuacións de oficio e informes*

***Q9807/04***

Relacionada coa revisión de exame das probas de Acceso á Universidade. Tendo en conta que estas probas son competencia da Xunta de Galicia que as organiza por medio da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUGA) e que o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria limita as competencias á defensa e garantía dos dereitos recoñecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, *non é posible admitir a tramite a queixa.*

***Q9809/01***

Relacionada co acceso á Universidade. Análoga á *Q9807/04*

***Q9809/02***

Relacionada coa aplicación da porcentaxe de retención do IRPF na nómina mensual..

*Dáselle traslado da información recibida da Sección de Nóminas e Seguridade Social da Universidade, na que se pon de manifesto que a aplicación da porcentaxe de retención do IRPF é consecuencia do cumprimento pola Universidade de Santiago de Compostela dos criterios fixados no “Reglamento del Impuesto de las Personas Físicas”*

***Q9809/03***

Relacionada coa denegación dunha bolsa de estudos para o curso 1997/98.

Dado que tiña presentada unha reclamación ante o MEC *solicitouse información, comunicando a Sección de Bolsas da Universidade que foi informada favorablemente.*

***Q9809/04***

Presentada en relación co incumprimento por un centro das datas de celebración de exames aprobadas pola Xunta de Goberno da Universidade.

*Estase á espera dos informes solicitados.*

#### ***Q9809/05***

Relacionada cunha solicitude de acceso a estudos de 2º ciclo

Pendente de completala información solicitada.

#### ***Q9809/06***

Presentada por un estudante en relación coa denegación da praza que tiña solicitada no Servicio Universitario de Residencias (SUR)

*Pendente da elaboración do informe final.*

### **5.- CONCLUSIÓNS**

Resulta difícil elabora-las conclusións do informe anual dunha institución que, con dous cursos académicos de vida, só ten presente e confianza no futuro. Tanto a falta de pasado como a non esixencia de resposta por parte dos órganos da Universidade ós que se fan as recomendacións, dificultan a análise da eficacia. De calquera xeito o número crecente de membros da comunidade universitaria que se dirixen ó Valedor, tanto para facer consultas como para presentar queixas, confirman a consolidación desta institución na Universidade de Santiago de Compostela e fan prever que a capacidade da súa estrutura actual se vexa sobrepasada nun breve prazo de tempo.

Quero tamén solicita-la comprensión da comunidade universitaria para unha figura que, en palabras do Defensor da Universidade Rovira e Virgili, é “juez sin juzgar”, na medida en que os seus dictames son só recomendacións ou suxestións ó suxeito responsable da queixa para que revise o seu comportamento, ó tempo que chama a atención dos órganos de goberno da Universidade sobre o aspecto da demanda que debe revisarse. Neste contexto pódense face-las seguintes consideracións de carácter xeral.

1.- Por segundo ano é obrigado facer unha valoración xeral positiva no que respecta á colaboración dos órganos de goberno e dos servizos administrativos.

2.- No referente á tramitación das queixas, o Estatuto do Valedor da USC establece que *“o procedemento rematará mediante dictame ou informe, mostrando o seu parecer sobre a queixa presentada, facendo aquelas recomendacións sobre o xeito de actuar de órganos, membros ou servizos da Universidade de Santiago.”*

Esta circunstancia non permite facer un seguimento do grao de aceptación das recomendacións emitidas, e dificulta a valoración, a adecuación e a mellora das actuacións do Valedor. Por isto é desexable que no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria que terá que aproba-lo Claustro en cumprimento do artigo 10 dos Estatutos da Universidade se inclúa a obriga de que os órganos, membros e servizos da Universidade ós que se fai unha recomendación ou unha suxestión, respondan se a aceptan ou non.

3.- Un dos temas que reclama un seguimento continuo do Valedor da Comunidade Universitaria é a convocatoria de bolsas e axudas ó estudio. Por isto no Informe do Valedor correspondente ó curso 96/97 mencionábase que un informe solicitado á Sección de Bolsas da Universidade *“... pon de manifesto... un retroceso no número e contía das bolsas concedidas ós estudantes na USC, consecuencia, posiblemente, de determinadas modificacións introducidas na convocatoria e dunha certa falta de adecuación das normas ás características de Galicia...”*

O *“Informe de xestión de bolsas curso 1997/98”* elaborado pola Sección de Bolsas da Universidade pon de manifesto que seguen sen resolve-las principais cuestións formuladas.

Un dos problemas constitúe a tardanza no pagamento das bolsas polo Ministerio de Educación e Cultura (MEC), para o cal o referido informe sinalaba como solución *“a transferencia á Universidade dos recursos económicos que recibe o seu alumnado”*. Neste momento as comunidades autónomas de Cataluña e do País Vasco teñen transferida a dita xestión, polo que sería desexable que á USC tamén lle fora transferida nun prazo breve de tempo.

O mesmo informe recolle o seguinte:

*“Outro aspecto a destacar da xestión do pasado curso foi a importante diminución das bolsas concedidas, o número de bolseiros e bolseiras é dun 6% inferior ó curso pasado, e as axudas compensatorias baixaron nun 50% aproximadamente. Todo iso implicou unha baixada significativa no importe das axudas que este ano se concederon ó alumnado da Universidade de Santiago de Compostela e que nun primeiro momento foi un 19% menos que no curso pasado. Ó*

rematar a resolución de tódalas reclamacións esta cantidade viuse minorada nun 5% aproximadamente, quedando pois a diferenza no 14% respecto do curso 1996/97.”

A implicación da USC na solución deste problema ponse de manifesto no feito de que, como consecuencia dun informe enviado polo Sr. rector, o MEC modificou as bases da convocatoria de bolsas para o curso 1998/99.

O informe correspondente ó vindeiro curso permitirá comproba-la eficacia destas modificacións, pero parece claro que a solución do problema require non só da transferencia da xestión senón tamén da transferencia da regulación de xeito que a Comunidade Autónoma de Galicia poida elabora-la súa propia convocatoria de bolsas.

4.- Como xa se fixo no informe do curso 1996/97 cómpre instar de novo, tanto ós órganos de goberno como ós de xestión, a que respondan ás solicitudes que lles sexan presentadas dentro do prazo de tempo máis breve que lles sexa posible, evitando que se produzan situacións que prexudican os lexítimos intereses das persoas afectadas.

5.- A análise conxunta dos informes dos cursos 96/97 e 97/98 pon de manifesto a existencia dun número significativo de intervencións e queixas presentadas por residentes no Servicio Universitario de Residencias (SUR) da Universidade, e motivadas, a maioría delas, polas relacións entre as direccións dos centros e o Consello de Residentes. É imprescindible, logo, que os membros da comunidade reflexionen sobre as causas do conflito e que os órganos de dirección fomenten e faciliten a participación dos órganos colexiados, dentro das competencias que teñan asignadas.

6.-Por último cómpre facer referencia á “Normativa para a avaliación docente dos estudantes” aprobada pola Xunta de Goberno da USC. A aplicación desta normativa e o seu cumprimento polo profesorado repercutirá nunha boa organización docente e resultará indispensable para a mellora da calidade da docencia que constitúe o obxectivo fundamental da Universidade.

Para isto é necesario, en primeiro lugar, darlle unha ampla difusión xa que, á vista das numerosas consultas recibidas, pódese concluír que a dita normativa é descoñecida pola práctica totalidade dos estudantes e por unha parte importante dos profesores.

Un dos aspectos sobre os que se recibe maior número de consultas é o que se refire á revisión de exames. Nos parágrafos 12 e 17 da Normativa establécese o dereito dos estudantes á revisión dos exames e á presentación de reclamacións, e mailo procedemento que deben seguir para iso, indicando que “procurarase que estas revisións sexan un instrumento útil para que o alumno poida percibi-lo seu nivel de coñecementos e carencias, tanto se resulta aprobado como suspenso”. Sen embargo é





significativo o número de estudantes que teñen dificultades para revisar los exames ou que incluso se ven privados do dito dereito.

Por isto é necesario recordar que non só por tratarse dun dereito que a “Normativa para a avaliación docente” lles reconece ós estudantes, senón porque é un deber incluído na deontoloxía profesional, o profesorado ten que dar ó estudante as máximas aclaracións sobre os criterios seguidos na cualificación dos exames e indicarlle as vías de recurso de que dispón se non está de acordo coa puntuación obtida.

## 6.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

### QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	85	⇒ 139 reclamantes
Estudiantes:	73	⇒ colectivas: 6
Docentes:	4	⇒ colectivas: 0
P.A.S:	6	⇒ colectivas: 3
De oficio:	2	



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS

MES	Curso 96/97	Curso 97/98
Outubro	6	8
Novembro	5	15
Decembro	10	3
Xaneiro	5	8
Febreiro	4	8
Marzo	4	7
Abril	9	7
Maiο	17	11
Xuño	6	8
Xullo	7	4
Agosto	0	0
Setembro	4	6
Total curso	77	85


**nº de queixas recibidas por curso**



ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS


Total queixas recibidas	85	
Tramitadas:	67	⇒ 79%
Pendientes:	10	⇒ 12%
Rexeitadas:	8	⇒ 9%

### Estado de tramitación das Queixas



## PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas		67
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	29	⇒ 44%
2 Meses:	21	⇒ 31%
3 Meses:	1	⇒ 1%
> 4 Meses:	16	⇒ 24%



## DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS	10
VALIDACIÓNS/ADAPTACIÓNS	13
XESTIÓN DA MATRÍCULA	15
S.U.R.	9
REIVINDICACIÓNS ÁMBITO LABORAL	9
DOCENCIA	15
AXUDAS A MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA	3
SERVICIOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	2
ACCESO A ESTUDIOS	2
PROBLEMAS DERIVADOS DA IMPLANTACIÓN DE NOVOS PLANES DE ESTUDIO	3
PROCESOS ELECTORAIS	1
OUTRAS	3